PARLAMENTO DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 212
16 de novembro de 2017

Fascículo 1

# SUMARIO

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.4. Procedementos de información
### 1.4.4. Preguntas
### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

**Admisión a trámite e publicación**

**19694 (10/PRE-005232)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación para o ano 2018 da escola infantil da rede A Galiña Azul do concello de Arzúa e de adaptar a oferta de prazas á demanda existente 63050

**19699 (10/PRE-005233)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín**
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para minimizar o impacto dos incendios forestais no sector turístico, a convocatoria dos representantes do sector e organizacións profesionais para avaliar a incidencia da vaga de lumes, así como as súas intencións respecto do desenvolvemento dalgún tipo de campaña informativo-publicitaria nos lugares de orixe dos turistas do resto de España para paliar os seus efectos 63052

**19716 (10/PRE-005234)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**
Sobre os datos referidos ao desenvolvemento do Programa de impostos cero no medio rural, dirixido a fixar poboación nese medio e dinamizar as zonas menos poboadas da comunidade autónoma, así como a valoración do Goberno galego respecto dos resultados acadados coa súa implantación 63054

**19723 (10/PRE-005235)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula**
Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia en relación co conflito laboral da empresa Bershka na provincia de Pontevedra para garantir o dereito á non discriminación laboral por razóns de orixe establecida no artigo 17 do Estatuto dos traballadores, así como a data prevista para a presentación dun informe referido á Mesa de diálogo creada entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, segundo o acordo parlamentario do 28 de decembro de 2016 63056

**19727 (10/PRE-005236)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa necesidade de construír un novo centro de saúde en Melide, así como as razóns da non consignación para o ano 2018 de ningunha partida orzamentaria destinada a ese fin 63061

**19729 (10/PRE-005237)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis**
Sobre o destino final da totalidade do fondo adicional do Fondo de cooperación local correspondente ao exercicio 2017, así como a valoración do Goberno galego respecto da súa aplicación 63063

**19758 (10/PRE-005238)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas intencións do grupo empresarial Ferroatlántica-Ferroglobe de deslocalizar fóra de Galicia a produción asociada ao silicio extraído no territorio galego, as actuacións levadas a cabo ou previstas para favorecer o desenvolvemento na comunidade autónoma da totalidade do ciclo produtivo do silicio solar, así como sobre o mantemento e o aumento da carga de traballo e do cadro de persoal asociados á súa producción e o volume de recursos públicos destinados a ese sector, e, en particular, a ese grupo empresarial 63065

**19784 (10/PRE-005239)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**
Sobre as razóns das sucesivas demoras da Xunta de Galicia na resolución da convocatoria de axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, así como os requisitos exixidos ás persoas solicitantes, as súas previsións respecto da introdución dalgunha modificación nela e as razóns existentes para non asinar máis de 40 contratos predoutorais nas convocatorias de 2013 e 2014 63069

**19794 (10/PRE-005240)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Toja Suárez, María Dolores e 2 máis**
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de implicación institucional e orzamentaria na difusión e conmemoración da figura e obra do intelectual, escritor e poeta baiés Enrique Labarta Pose e as actuacións que vai levar a cabo para ese fin 63074

**19821 (10/PRE-005241)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**
Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes de subvencións presentadas polos concellos ao abeiro da Orde do 2 de marzo de 2017 para a creación de espazos activos de emprendemento comercial no medio rural, así como a opinión do Goberno galego referida á súa publicación no mes de marzo e á suficiencia da contía destinada para ese fin 63076

**19826 (10/PRE-005242)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**
Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da realización no ano 2018 das obras necesarias e pendentes no CEIP Ramón Otero Pedraio, da Laracha 63078

**19832 (10/PRE-005243)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Burgo López, María de la Concepción e 4 máis**
Sobre as actuacións levadas a cabo e as previsións da Consellería de Infraestruturas e Vivenda respecto da reparación da estrada LU-710 no tramo comprendido entre o enlace coa A-6 e Baralla, segundo o compromiso adquirido no ano 2010, para dotala das mesmas características que o resto da estrada 63080

**19862 (10/PRE-005244)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Pérez Seco, José Manuel e 2 máis**
Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia en relación coa falta de tensión eléctrica que están a padecer moitas explotacións agrarias, así como os datos referidos ás xuntanzas mantidas coas empresas subministradoras de electricidade para resolver este problema 63082

**19872 (10/PRE-005245)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio**
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á realización dalgunha xestión para a construción dunha rampla no peirao de Esteiro, en Muros, para a baixada e subida de embarcacións, o mantemento dalgunha conversa co patrón maior de Muros ao respecto e, se é o caso, os compromisos acadados 63084

**19885 (10/PRE-005246)**
**Grupo Parlamentario de En Marea**
**Vázquez Verao, Paula**
Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 3 de abril de 2017 para a concesión das prestacións económicas de pagamento único por fillas e fillos menores de 3 anos, o tempo medio de espera para o pagamento destas axudas nos últimos anos e a opinión do Goberno galego respecto da súa axilización, así como o establecemento para o futuro da obriga de ditar resolución expresa para todas as solicitudes 63085

**19896 (10/PRE-005247)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso ante o Goberno central da transformación portuaria e urbanística da cidade da Coruña mediante a constitución dun consorcio público que lidere este reto 63088

**19902 (10/PRE-005248)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura da baixa da facultativa do Centro de Saúde de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa 63092

**19909 (10/PRE-005249)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**
Sobre a situación en que se atopa e o prazo previsto polo Goberno galego para o remate da investigación referida á procedencia das verteduras detectadas o día 7 de novembro nos ríos Mandeo e Mendo, na ría de Betanzos, así como as súas intencións en relación coa información á veciñanza da comarca da Mariña e, en concreto, á Confraría do Miño ao respecto 63096

**19967 (10/PRE-005250)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento na actualidade do disposto no artigo 5º da Lei 6/1995, do 28 de xuño, respecto das funcións do Consello Económico e Social de Galicia 63099

**19968 (10/PRE-005251)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**
Sobre o traslado das recomendacións do Consello Económico e Social de Galicia reflectidas na Memoria sobre a situación económica e social de Galicia correspondente ao ano 2016, así como a consideración, para a elaboración do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, das realizadas por ese consello en materia de política orzamentaria 63101

**20014 (10/PRE-005252)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Burgo López, María de la Concepción e 2 máis**
Sobre a opinión do Goberno galego referida ao investimento de recursos públicos na construción dun museo do viño nas covas de dona Urraca, no interior do castelo de Salvaterra do Miño, despois de ter investido 200.000 euros na rehabilitación da casa do Conde para ese fin no mesmo castelo, a súa valoración en relación coa posición das asociacións veciñais e culturais, así como dos partidos políticos ao respecto, e a perda de espazos de uso comunitario e cultural que supoñería 63104

**20028 (10/PRE-005253)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Vilán Lorenzo, Patricia e 6 máis**
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para os territorios afectados pola seca e as súas previsións respecto da inclusión dos concellos da Fonsagrada, Navia de Suarna, A Pontenova, Ribeira de Piquín, Meira, Baleira, Pedrafita do Cebreiro, Cervantes, Riotorto, As Nogais, Becerreá, Trabada e Negueira de Muñiz como beneficiarios das axudas convocadas na Orde do 30 de outubro de 2017, da Consellería do Medio Rural, para garantir a subministración de auga ás explotacións agrícolas e gandeiras nas zonas afectadas por unha declaración de seca 63107

**20033 (10/PRE-005254)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis**
Sobre as razóns do Goberno galego para manter pechado o Centro Galego de Desenvolvemento Integral, situado no barrio de Salgueiriños, en Santiago de Compostela, o prazo previsto para a súa posta en marcha a pleno rendemento e o orzamento que se vai destinar, así como as actuacións previstas nel no ano 2018, o modelo de xestión e o cadro de persoal que vai ter10 63110

**20038 (10/PRE-005255)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Torrado Quintela, Julio e 2 máis**
Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa atención e servizos sanitarios dispoñibles na actualidade no concello de Cedeira, a necesidade de ampliar o centro de saúde e a posibilidade de chegar a un acordo co Concello para ese fin 63113

**20044 (10/PRE-005256)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis**
Sobre o coñecemento, a valoración, as actuacións levadas a cabo e as previstas pola Xunta de Galicia en relación coas condicións e cos problemas de accesibilidade existentes na estación de tren do Carballiño para persoas con discapacidade, así como as melloras realizadas polo Goberno central en materia de accesibilidade no trasporte ferroviario na provincia de Ourense desde a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro 63115

**20047 (10/PRE-005257)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis**
Sobre o coñecemento, a valoración e as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coas condicións de accesibilidade existentes para as persoas con discapacidade no Centro de Saúde Novoa Santos, de Ourense, as actuacións que vai levar a cabo no ano 2018 para paliar os problemas de accesibilidade que hai na comunidade autónoma e a súa dotación orzamentaria, así como as levadas a cabo e o investimento realizado para ese fin desde a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro 63118

**20051 (10/PRE-005258)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**
Sobre o balance do comité de seguimento dos investimentos do Estado en Galicia no ano 2017, as xuntanzas levadas a cabo e a avaliación que realizou, así como as medidas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento dos compromisos orzamentarios 63121

**20055 (10/PRE-005259)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis**
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar o servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e evitar os continuos atascos que se veñen producindo nela, a resposta do

Ministerio de Fomento aos escritos remitidos pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda en relación co atasco producido na ponte de Rande o 27 de outubro de 2017, así como as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno central e as xestións realizadas polo Goberno galego ao respecto 63124

**20066 (10/PRE-005260)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Burgo López, María de la Concepción e 2 máis**
Sobre as razóns dos problemas e deficiencias denunciados pola Asemblea de Investigadoras de Compostela en relación coas convocatorias de axudas á etapa predoutoral nas universidades galegas e organismos públicos de investigación, así como a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da necesidade de modificar as súas bases 63127

## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.4. Organización e funcionamento do Parlamento
#### 2.4.3. Convocatorias

— Sesión plenaria **(**día 20 de novembro de 2017, ás 10.00 horas**)** 63047

## 3. Administración do Parlamento de Galicia

### 3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 15 de novembro de 2017, pola que se nomean os membros do tribunal cualificador das probas selectivas para a provisión, por promoción interna, dunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia 63048

Resolución da Presidencia, do 15 novembro de 2017, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ás probas selectivas para o ingreso por promoción interna dunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia e o lugar, data e hora do primeiro exercicio 63048

# 1. Procedementos parlamentarios

## 1.4. Procedementos de información

### 1.4.4. Preguntas

#### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 14 de novembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

- 19694 (10/PRE-005232)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación para o ano 2018 da escola infantil da rede A Galiña Azul do concello de Arzúa e de adaptar a oferta de prazas á demanda existente

- 19699 (10/PRE-005233)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para minimizar o impacto dos incendios forestais no sector turístico, a convocatoria dos representantes do sector e organizacións profesionais para avaliar a incidencia da vaga de lumes, así como as súas intencións respecto do desenvolvemento dalgún tipo de campaña informativo-publicitaria nos lugares de orixe dos turistas do resto de España para paliar os seus efectos

- 19716 (10/PRE-005234)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre os datos referidos ao desenvolvemento do Programa de impostos cero no medio rural, dirixido a fixar poboación nese medio e dinamizar as zonas menos poboadas da comunidade autónoma, así como a valoración do Goberno galego respecto dos resultados acadados coa súa implantación

- 19723 (10/PRE-005235)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia en relación co conflito laboral da empresa Bershka na provincia de Pontevedra para garantir o dereito á non discriminación laboral por razóns de orixe establecida no artigo 17 do Estatuto dos traballadores, así como a data prevista para a presentación dun informe referido á Mesa de diálogo creada entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, segundo o acordo parlamentario do 28 de decembro de 2016

- 19727 (10/PRE-005236)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa necesidade de construír un novo centro de saúde en Melide, así como as razóns da non consignación para o ano 2018 de ningunha partida orzamentaria destinada a ese fin

- 19729 (10/PRE-005237)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre o destino final da totalidade do fondo adicional do Fondo de cooperación local correspondente ao exercicio 2017, así como a valoración do Goberno galego respecto da súa aplicación

- 19758 (10/PRE-005238)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas intencións do grupo empresarial Ferroatlántica-Ferroglobe de deslocalizar fóra de Galicia a produción asociada ao silicio extraído no territorio galego, as actuacións levadas a cabo ou previstas para favorecer o desenvolvemento na comunidade autónoma da totalidade do ciclo produtivo do silicio solar, así como sobre o mantemento e o aumento da carga de traballo e do cadro de persoal asociados á súa producción e o volume de recursos públicos destinados a ese sector, e, en particular, a ese grupo empresarial

- 19784 (10/PRE-005239)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as razóns das sucesivas demoras da Xunta de Galicia na resolución da convocatoria de axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, así como os requisitos exixidos ás persoas solicitantes, as súas previsións respecto da introdución dalgunha modificación nela e as razóns existentes para non asinar máis de 40 contratos predoutorais nas convocatorias de 2013 e 2014

- 19794 (10/PRE-005240)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de implicación institucional e orzamentaria na difusión e conmemoración da figura e obra do intelectual, escritor e poeta baiés Enrique Labarta Pose e as actuacións que vai levar a cabo para ese fin

- 19821 (10/PRE-005241)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes de subvencións presentadas polos concellos ao abeiro da Orde do 2 de marzo de 2017 para a creación de espazos activos de emprendemento comercial no medio rural, así como a opinión do Goberno galego referida á súa publicación no mes de marzo e á suficiencia da contía destinada para ese fin

- 19826 (10/PRE-005242)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da realización no ano 2018 das obras necesarias e pendentes no CEIP Ramón Otero Pedraio, da Laracha

- 19832 (10/PRE-005243)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 4 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo e as previsións da Consellería de Infraestruturas e Vivenda respecto da reparación da estrada LU-710 no tramo comprendido entre o enlace coa A-6 e Baralla, segundo o compromiso adquirido no ano 2010, para dotala das mesmas características que o resto da estrada

- 19862 (10/PRE-005244)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia en relación coa falta de tensión eléctrica que están a padecer moitas explotacións agrarias, así como os datos referidos ás xuntanzas mantidas coas empresas subministradoras de electricidade para resolver este problema

- 19872 (10/PRE-005245)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á realización dalgunha xestión para a construción dunha rampla no peirao de Esteiro, en Muros, para a baixada e subida de embarcacións, o mantemento dalgunha conversa co patrón maior de Muros ao respecto e, se é o caso, os compromisos acadados

- 19885 (10/PRE-005246)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 3 de abril de 2017 para a concesión das prestacións económicas de pagamento único por fillas e fillos menores de 3 anos, o tempo medio de espera para o pagamento destas axudas nos últimos anos e a opinión do Goberno galego respecto da súa axilización, así como o establecemento para o futuro da obriga de ditar resolución expresa para todas as solicitudes

- 19896 (10/PRE-005247)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso ante o Goberno central da transformación portuaria e urbanística da cidade da Coruña mediante a constitución dun consorcio público que lidere este reto

- 19902 (10/PRE-005248)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura da baixa da facultativa do Centro de Saúde de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa

- 19909 (10/PRE-005249)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a situación en que se atopa e o prazo previsto polo Goberno galego para o remate da investigación referida á procedencia das verteduras detectadas o día 7 de novembro nos ríos Mandeo e Mendo, na ría de Betanzos, así como as súas intencións en relación coa información á veciñanza da comarca da Mariña e, en concreto, á Confraría do Miño ao respecto

- 19967 (10/PRE-005250)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento na actualidade do disposto no artigo 5º da Lei 6/1995, do 28 de xuño, respecto das funcións do Consello Económico e Social de Galicia

- 19968 (10/PRE-005251)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre o traslado das recomendacións do Consello Económico e Social de Galicia reflectidas na Memoria sobre a situación económica e social de Galicia correspondente ao ano 2016, así como a consideración, para a elaboración do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, das realizadas por ese consello en materia de política orzamentaria

- 20014 (10/PRE-005252)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego referida ao investimento de recursos públicos na construción dun museo do viño nas covas de dona Urraca, no interior do castelo de Salvaterra do Miño, despois de ter investido 200.000 euros na rehabilitación da casa do Conde para ese fin no mesmo castelo, a súa valoración en relación coa posición das asociacións veciñais e culturais, así como dos partidos políticos ao respecto, e a perda de espazos de uso comunitario e cultural que supoñería

- 20028 (10/PRE-005253)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 6 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para os territorios afectados pola seca e as súas previsións respecto da inclusión dos concellos da Fonsagrada, Navia de Suarna, A Pontenova, Ribeira de Piquín, Meira, Baleira, Pedrafita do Cebreiro, Cervantes, Riotorto, As Nogais, Becerreá, Trabada e Negueira de Muñiz como beneficiarios das axudas convocadas na Orde do 30 de outubro de 2017, da Consellería do Medio Rural, para garantir a subministración de auga ás explotacións agrícolas e gandeiras nas zonas afectadas por unha declaración de seca

- 20033 (10/PRE-005254)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para manter pechado o Centro Galego de Desenvolvemento Integral, situado no barrio de Salgueiriños, en Santiago de Compostela, o prazo previsto para a súa posta en marcha a pleno rendemento e o orzamento que se vai destinar, así como as actuacións previstas nel no ano 2018, o modelo de xestión e o cadro de persoal que vai ter

- 20038 (10/PRE-005255)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa atención e servizos sanitarios dispoñibles na actualidade no concello de Cedeira, a necesidade de ampliar o centro de saúde e a posibilidade de chegar a un acordo co Concello para ese fin

- 20044 (10/PRE-005256)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre o coñecemento, a valoración, as actuacións levadas a cabo e as previstas pola Xunta de Galicia en relación coas condicións e cos problemas de accesibilidade existentes na estación de tren do Carballiño para persoas con discapacidade, así como as melloras realizadas polo Goberno central en materia de accesibilidade no trasporte ferroviario na provincia de Ourense desde a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro

- 20047 (10/PRE-005257)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre o coñecemento, a valoración e as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coas condicións de accesibilidade existentes para as persoas con discapacidade no Centro de Saúde Novoa Santos, de Ourense, as actuacións que vai levar a cabo no ano 2018 para paliar os problemas de accesibilidade que hai na comunidade autónoma e a súa dotación orzamentaria, así como as levadas a cabo e o investimento realizado para ese fin desde a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro

- 20051 (10/PRE-005258)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o balance do comité de seguimento dos investimentos do Estado en Galicia no ano 2017, as xuntanzas levadas a cabo e a avaliación que realizou, así como as medidas adoptadas polo Goberno galego para o cumprimento dos compromisos orzamentarios

- 20055 (10/PRE-005259)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar o servizo que presta a empresa concesionaria da AP-9 e evitar os continuos atascos que se veñen producindo nela, a resposta do

Ministerio de Fomento aos escritos remitidos pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda en relación co atasco producido na ponte de Rande o 27 de outubro de 2017, así como as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno central e as xestións realizadas polo Goberno galego ao respecto

- 20066 (10/PRE-005260)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 2 máis
Sobre as razóns dos problemas e deficiencias denunciados pola Asemblea de Investigadoras de Compostela en relación coas convocatorias de axudas á etapa predoutoral nas universidades galegas e organismos públicos de investigación, así como a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da necesidade de modificar as súas bases

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2017
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

# 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

## 2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

### 2.4.3. Convocatorias

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 20 de novembro de 2017, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 14 de novembro de 2017, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 (doc. núm. 19214, 10/PL-000007)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 197, do 20.10.2017
Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 210, do 14.11.2017

Punto 2. Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 19215, 10/PL-000008)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 197, do 20.10.2017
Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 211, do 15.11.2017

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

## 3. Administración do Parlamento de Galicia
## 3.2. Recursos humanos

### Resolución da Presidencia, do 15 de novembro de 2017, pola que se nomean os membros do tribunal cualificador das probas selectivas para a provisión, por promoción interna, dunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia

De conformidade co disposto no punto 5 das bases que rexen a convocatoria dun proceso selectivo para o ingreso por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, aprobadas por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do de 1 de agosto de 2017,

RESOLVO:

Nomear membros do tribunal cualificador das probas selectivas para a provisión da devandita praza as persoas que figuran a continuación:

Tribunal titular:

Presidente: Xosé Antón Sarmiento Méndez
Secretario: F. Javier Freire González
Vogal 1: María Rosa Buceta López
Vogal 2: María Aneiros González
Vogal 3: Carlos Díaz Abraira

Tribunal suplente:

Presidenta: Raquel Rodríguez Carro
Secretario: Martín Nercellas Méndez
Vogal 1: Menchu Sánchez González
Vogal 2: Pedro Vila López
Vogal 3: Rita Blanco Vázquez

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017
Miguel Angel Santalices Vieira
Presidente

### Resolución da Presidencia, do 15 novembro de 2017, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ás probas selectivas para o ingreso por promoción interna dunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia e o lugar, data e hora do primeiro exercicio

De conformidade coas medidas de planificación dos recursos humanos para o ano 2017 adoptadas pola Mesa do Parlamento de Galicia, conforme o acordo da Mesa de negociación do 3 de xullo de 2017, entre as que se inclúe unha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, a Mesa

do Parlamento acordou, con data de 1 de agosto de 2017, a convocatoria deste posto mediante promoción interna, ao abeiro do disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia e 16 do seu Estatuto de persoal.

RESOLVO:

1º. Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos no referido proceso selectivo.

— Admitidos:

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI |
|---|---|---|---|
| 1 | Fernández Andrade | Manuel | 76507419N |
| 2 | Lorenzo Santalucía | María Irene | 34952651B |
| 3 | Estévez Adán | Hixinio | 34914988E |

— Excluídos: ningún

2º. A primeira proba do primeiro exercicio, consistente en responder un cuestionario de cincuenta preguntas tipo test, realizarase o venres 12 de xaneiro ás 11 horas, na sala F da planta baixa do edificio do Parlamento.

3º. Ordenar a publicación desta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Parlamento no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento*, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela 15 de novembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2017 11:12
Nº Rexistro: 19694
Data envio: 03/11/2017 11:12:28.468

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodriguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa escrita.

No mes de marzo deste ano, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha pregunta oral na Comisión 5ª sobre a ampliación da Escola infantil do Concello de Arzúa, que pertence á rede pública de escolas infantís de Galicia, A Galiña Azul, con tres unidades: unha para nenos e nenas de entre 3 meses e un ano, outra entre 1 e 2 anos e a terceira para nenos e nenas de 2 a 3 anos, con capacidade para 41 prazas escolares.

Na iniciativa presentada, así como no debate da Comisión 5ª expúxose que a capacidade desta escola infantil é insuficiente, posto que leva varios anos esgotándose a matrícula sen dar servizo á demanda real existente, e sen que as familias teñan outra alternativa dentro do seu concello, tendo que levar aos seus nenos e nenas a escolas infantís ou puntos de atención á infancia a outros concellos que teñan prazas vacantes, ou ben renunciar a este servizo e resolver a atención dos seus fillos e fillas de entre 0 e 3 anos doutro xeito; que pode ser contando con familiares que poidan desenvolver este coidado ou contratando a unha persoa que os coide dentro do propio fogar, alternativas que non están sempre o alcance de todas as familias.

No debate no seo da Comisión 5ª, o 20 de abril de 2017, o xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar informounos de que xa se estaba a valorar o proxecto de ampliación da dita escola infantil e como estamos no trámite de aprobación dos Orzamentos da Xunta de Galicia para 2018, consideramos de interese coñecer en resposta escrita a contestación á seguinte pregunta:

Vai o Goberno galego atender a demanda deste concello para ampliar a escola infantil e adecuar a oferta á demanda existente para o exercicio 2018?

Pazo do Parlamento, 03 de novembro de 2017

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2017 11:12
Nº Rexistro: 19694
Data envio: 03/11/2017 11:12:28.468

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/11/2017 11:06:31**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/11/2017 11:06:39**

**Julio Torrado Quintela na data 03/11/2017 11:06:48**

**María Dolores Toja Suárez na data 03/11/2017 11:06:55**

**María Luisa Pierres López na data 03/11/2017 11:07:08**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2017 11:49
Nº Rexistro: 19699
Data envio: 03/11/2017 11:49:40.061

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema novo. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte e en todo tipo de terreos. O descoido e desleixo das labores de coidado do monte e terras agropecuarias supón un elemento de gran perigo, é un factor tremendamente facilitador da aparición e, sobre todo, da propagación dos lumes. É imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos, que aposte polo coidado e o mantemento concienciado en colaboración coas comunidades de montes, concellos, deputacións, agrupacións ecoloxistas, distintas organizacións e todos os niveis da Administración e dos distintos colectivos.

A extensión e proliferación dos lumes que afectaron a boa parte da xeografía galega, nomeadamente nas provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo, tiveron un impacto desastroso a todos os niveis, destacando, en primeiro lugar, o nivel familiar e comunitario (ca perda de vidas humanas na catástrofe); o nivel medio ambiental (afectando a espazos naturais, bosques, fauna, etc) e o socioeconómico (con especial impacto no rural, afectando a moitos postos de traballo, vivendas, infraestruturas, etc).

Ademais, a vaga de lumes afectou a zonas moi relevantes do sector turístico, facendo que a perda paisaxística se sume á perda económica das zonas afectadas, en especial aos responsables de casas rurais e albergues. As rutas de sendeirismo, as andainas polos espazos naturais protexidos e o impacto medio ambiental son aspectos que van tardar en recuperarse totalmente, pese ao esforzo dos veciños e veciñas.

A gran cantidade de lumes, que se deron nesa fin de semana negra para Galicia, sumada ás condicións meteorolóxicas adversas, supuxeron unha nova desgraza para o país, para a súa riqueza medioambiental, social, económica e, incluso, para a nosa propia idiosincrasia, atacando a nosa propia percepción sobre o coidado

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2017 11:49
Nº Rexistro: 19699
Data envio: 03/11/2017 11:49:40.061



do medio ambiente e da nosa terra. Esta calamidade foi capaz de sacar o mellor dos galegos e galegas tratando de atallar os diversos focos que se ían propagando e prendendo ao longo e ancho do noso territorio.

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que medidas vai adoptar o Goberno galego para minimizar o impacto dos incendios no sector turístico?

2ª) Ten convocado ou vai convocar aos representantes do sector e organizacións profesionais para facer unha avaliación do impacto da vaga de lumes no sector?

3ª) Ten pensado levar adiante algún tipo de campaña informativo-publicitaria nos centros de orixe dos turistas do resto de España para paliar os posibles efectos negativos da vaga de lumes?

Pazo do Parlamento, 3 de novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/11/2017 11:45:42**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/11/2017 11:45:51**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2017 13:18
Nº Rexistro: 19716
Data envio: 03/11/2017 13:18:46.780

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O presidente da Xunta de Galicia anunciou no debate de Orzamentos para a Xunta de Galicia correspondentes ao exercicio 2017 o "Programa de impostos cero no rural".

O obxectivo deste programa era lograr fixar poboación no medio rural, así como dinamizar as zonas menos poboadas da nosa comunidade.

O dito programa contemplaba unha serie de beneficios fiscais, entre outras medidas, pero pasado case un ano da súa aplicación, a deputada e o deputado que asinan queren coñecer en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Canto deixou de ingresar a Xunta de Galicia como consecuencia da aplicación destes beneficios fiscais para asentar poboación no rural?

2ª) Cantas persoas foron beneficiadas por este plan?

3ª) Cantas persoas se empadroaron nas zonas catalogadas como menos poboadas dende a implantación destas medidas?

4ª) Cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia sobre os resultados acadados pola implantación do dito plan?

Pazo do Parlamento, 3 novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/11/2017 13:11:10**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2017 13:18
Nº Rexistro: 19716
Data envio: 03/11/2017 13:18:46.780

Grupo Parlamentario

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/11/2017 13:11:16**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2017 13:29
Nº Rexistro: 19723
Data envio: 03/11/2017 13:29:48.421

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita.**

Unha traballadora galega gaña, de media, un 20% menos que un home polo mesmo traballo e xornada. Entre as causas desta situación, está o feito de que as mulleres ocupen maioritariamente traballos moi precarizados do sector servizos –nove de cada 10 traballadoras galegas pertencen a este sector- con baixos salarios, elevada incidencia da contratación a tempo parcial e alta taxa de temporalidade, como no comercio.

A taxa de temporalidade nos empregos é dun 27,5% nas mulleres, fronte a un 23,6 % nos homes e as mulleres menores de 30 anos soportan taxas de temporalidade superiores ao 60% independentemente do seu nivel formativo.

Segundo datos de CCOO, a contratación a tempo parcial afecta a 108.300 mulleres fronte a 33.200 homes en Galiza. O 63 % delas aceptaron ese tipo de contrato por non encontrar traballo a tempo completo. Ademais, un 13% das mulleres aceptaron un traballo a tempo parcial para atender o coidado de menores ou persoas adultas enfermas ou dependentes, fronte a só un 2% dos homes.

Segundo un estudio da CIG, na actualidade hai menos asalariadas que en 2009 en todos os tramos de ingresos excepto nos máis baixos, de xeito que hoxe o 20% do total de asalariadas galegas ingresa menos da metade do SMI -é dicir, ingresos inferiores a 4.953 euros ao ano- e outro 16% tivo ingresos entre a metade e o

SMI -isto é, entre 4.953 e 9.906 euros ao ano-.

Un 42% das mulleres desempregadas que están buscando un posto de traballo levan máis de dous anos intentándoo.

Só o 2,4% das mulleres traballadoras galegas ocupa postos de dirección fronte ao 4,9% dos homes.

O 28 decembro 2016, a iniciativa do G.P. de En Marea, foi aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza unha Moción que instaba á Xunta a abrir unha mesa de diálogo entre a patronal e os sindicatos, coa mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, para adoptar acordos que permitan iniciar a recuperación dos salarios galegos ata acadar a media estatal e a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres para o ano 2020.

Entre as medidas que se barallaban como positivas para a recuperación dos salarios galegos e, especificamente, para reducir a fenda salarial de xénero, está o marco galego de relacións laborais.

O día 26 de outubro de 2017, o cadro de persoal das tendas de Bershka da provincia de Pontevedra iniciou unha folga indefinida, convocada polo comité de empresa, para esixir a mellora das súas condicións laborais, acadando un 100% de seguimento cando se cumpre unha semana do inicio do conflito.

As 65 empregadas das tendas pontevedresas da marca de Inditex, practicamente todas mulleres, reivindican que se equiparen as súas condicións laborais coas melloras pactadas para a mesma cadea noutras provincias, entre as cales se atopan aspectos fundamentais tanto para a mellora salarial como para a conciliación da vida laboral e familiar: un sábado libre ao mes,

descansos durante a xornada recollidos na lei, permisos, excedencias e vacacións, consolidación de xornada, fronte á obriga de facer horas complementarias, etc. As empregadas da provincia de Pontevedra cobran uns 130 euros mensuais menos do que reciben as empregadas da mesma cadea en A Coruña, teñen un menor permiso de lactancia, un 90% das contratadas sono a tempo parcial e as vacacións de verán son inferiores a 13 días. Ademais, as contratadas a tempo parcial teñen peores quendas que as contratadas a tempo completo e non se lles aumenta a xornada, a pesar de haber volume de traballo suficiente.

As traballadoras en loita xa conseguiron un incremento de 80 € pero aínda seguen tendo salarios 50 € por debaixo dos da provincia de A Coruña. O martes 31 de outubro, a empresa e o comité de folga mantiveron unha xuntanza na que a empresa (que este 1 de novembro anunciou o reparto de máis de 2.100 millóns de euros entre os accionistas) se limitou a ofrecer unha suba de 10 € en 2018, rexeitando a contraoferta das traballadoras, que aceptarían un aumento de 25 € en 2018.

Durante as xornadas de folga, o persoal da cadea realizou concentracións, tanto na provincia de Pontevedra, diante dos establecementos de Bershka, como diante da sede de Inditex en Arteixo, e ten pensado seguir mobilizado, con novas accións de presión .

O conflito pon de manifesto a realidade precaria neste sector, altamente feminizado, con salarios que non chegan a mil euros e con condicións laborais que impiden conciliar.

Ademais, Inditex está a incumprir o establecido no *Artigo 17.1* Non discriminación nas relacións laborais do Estatuto dos Traballadores:

17.1. Entenderanse nulos e sen efecto os preceptos regulamentarios, as cláusulas dos convenios colectivos, os pactos individuais e as decisións unilaterais do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2017 13:29
Nº Rexistro: 19723
Data envio: 03/11/2017 13:29:48.421



empresario que dean lugar no emprego, así como en materia de retribucións, xornada e demais condicións de traballo, a situacións de discriminación directa ou indirecta desfavorables por razón de idade ou discapacidade ou a situacións de discriminación directa ou indirecta por razón de sexo, orixe, incluído o racial ou étnico, estado civil, condición social, relixión ou convicción, ideas políticas, orientación ou condición sexual, adhesión ou non a sindicatos e a os seus acordos, vínculos de parentesco con persoas pertencentes ou relacionadas coa empresa e lingua dentro do Estado español.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1. Que actuacións executou ou ten pensado executar a Xunta en relación ao conflito de Breshka Pontevedra para garantir o dereito á non discriminación salarial por razón de orixe establecida no artigo 17 do Estatuto dos Traballadores?

2. Vai a Xunta instar ao CGRL a mediar no conflito laboral entre Inditex e as traballadoras do Bershka da provincia de Pontevedra?

3. Cando vai presentar a Xunta un informe en relación coa mesa de diálogo entre patronal e sindicatos, con mediación do CGRL, aprobada na sesión do 28 de decembro de 2016?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2017 13:29
Nº Rexistro: 19723
Data envio: 03/11/2017 13:29:48.421

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 03/11/2017 13:27:57**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2017 13:31
Nº Rexistro: 19727
Data envio: 03/11/2017 13:31:27.311

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos Socialistas de Galicia

Melide é un concello que ten 7.482 habitantes (IGE 2016) e que conta cun centro de saúde moi deteriorado, o que impide a atención sanitaria en condicións axeitadas tanto para a cidadanía como para o persoal sanitario que desenvolve o seu traballo neste centro de saúde.

A construción dun novo centro de saúde para Melide é unha necesidade urxente, que xa estaba previsto no Plan Director de Infraestruturas Sanitarias para Galicia 2008-2013, deseñado polo Goberno de Emilio Pérez Touriño; compromiso que foi paralizado coa chegada do Sr. Feijóo á Xunta de Galicia.

Dende o ano 2012, o Goberno da Xunta de Galicia vén asignando nos créditos iniciais dos orzamentos diferentes contías, que eran claramente insuficientes para facer fronte á construción do centro de saúde, pero que nunca se executaron:

| | | |
|---|---|---|
| 2012 | ..... | 500.000 € |
| 2013 | ..... | 771.000 € |
| 2014 | ..... | 19.063 € |
| 2015 | ..... | 0 € |
| 2016 | ..... | 300.000 € |
| 2017 | ..... | 400.000 € |

O Grupo Parlamentario Socialista ten presentado iniciativas para interesarse polo desenvolvemento desta actuación e urxir unha inmediata solución a esta situación de precariedade, tendo como resposta a iniciativa POP 18684 (rexistro 25298 de 24 de xullo de 2014) na que se afirma: "*A Xunta de Galicia mantén o compromiso de dotar aos veciños de Melide dun novo centro de saúde no prazo máis breve posible*"

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2017 13:31
Nº Rexistro: 19727
Data envio: 03/11/2017 13:31:27.311

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Non obstante, comprobamos como no proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o exercicio 2018 aparecen de novo 0 € para esta obra, por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre a necesidade de construír un novo centro de saúde en Melide?

2ª) Cal é a razón pola que non aparece ningunha cantidade consignada no proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para 2018 para a construción dun novo centro de saúde en Melide?

3ª) Considera o Goberno galego que esta forma de actuar confirma o compromiso expresado polo presidente da Xunta de Galicia no seu discurso de investidura que "Esta é a lexislatura do rural"?

Pazo do Parlamento, 3 de novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/11/2017 13:10:04**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/11/2017 13:10:12**

**Julio Torrado Quintela na data 03/11/2017 13:10:19**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2017 13:44
Nº Rexistro: 19729
Data envio: 03/11/2017 13:44:33.030

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nos orzamentos da Xunta de Galicia correspondentes ao exercicio 2017, no seu artigo 54. Dotación e distribución do Fondo de cooperación local, no punto catro, establece que: "*Consonte o acordo acadado na Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión galega de Cooperación local, inclúese, entre outros criterios de distribución dos novos recursos que se integran no fondo, a participación en procesos de fusión ou de incorporación voluntaria a outros concellos.*

*No exercicio 2017 este novo criterio determinará a repartición do fondo adicional nas condicións que estableza a consellería competente en materia de Administración local. O importe non destinado a concellos resultantes dunha fusión ou incorporación repartirase entre os concellos con poboación de dereito inferior a 15.000 habitantes de acordo cos seguintes criterios de ponderación: habitantes, 55 por cento; maiores de 65 anos, 10 por cento; superficie, 15 por cento; núcleos de poboación, 20 por cento. Os datos considerados para a aplicación dos criterios previstos nos puntos anteriores serán os oficialmente dispoñibles o 1 de xaneiro do ano 2017.*"

Á vista deste artigo as deputadas e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal foi o destino final do 100 % do fondo adicional do Fondo de cooperación local do exercicio 2017?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego na aplicación deste fondo adicional?

Pazo do Parlamento, 3 novembro de 2017

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2017 13:44
Nº Rexistro: 19729
Data envio: 03/11/2017 13:44:33.030

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/11/2017 13:39:33**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/11/2017 13:39:40**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/11/2017 13:39:57**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/11/2017 13:40:04**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 11:22
Nº Rexistro: 19758
Data envio: 06/11/2017 11:22:08.019

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Durante as últimas semanas, este Grupo Parlamentar tivo coñecemento de preocupantes novas arredor do futuro do desenvolvemento produtivo do silicio solar no noso país. Diversas novas recollidas polos medios de comunicación alertan das intencións do conglomerado empresarial Ferrotlántica-Ferroglobe no que se enmarca FerroSolar de desprazar postos de traballo e proxectos de investigación cara Puertollano.

Cómpre lembrar que Silicio FerroSolar é un activo empresarial que foi creado no 2008 co obxectivo de desenvolver tecnoloxías de purificación de silicio e integrar tecnoloxías para obter Silicio de grado solar que serve para desenvolver pezas empregadas na xeración de enerxía fotovoltaica. Combinando a pureza e alta calidade do material obtido no noso país, na mina de Serrabal, co desenvolvemento tecnolóxico chegan a producir un pó de silicio de altísima calidade, cunha pureza próxima ao cen por cen, o que sitúa Galiza e á empresa na vangarda, obtendo a mellor calidade do produto, que pode usarse de forma completa.

Neste camiño, alén da riqueza do material, que debera ter un retorno na fixación de traballo por parte da parte explotadora, xa que se trata dunha extracción dos nosos recursos naturais, ten un importante papel o desenvolvemento investigador. Así mesmo,

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 11:22
Nº Rexistro: 19758
Data envio: 06/11/2017 11:22:08.019

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a esa tarefa teñen contribuído investimentos ao longo do tempo por parte das administracións públicas, o que incide na necesidade dunha correspondencia entre a actividade extractora e a actividade que desenvolva a parte da produción que ten que ver co valor engadido. Máis aínda, hai outros motivos de peso que levan a considerar que a mellor estratexia é desenvolver o ciclo na nosa comunidade, tamén motivos de tipo económico e lóxica empresarial. Por exemplo, é obvio que o desprazamento do material até outras localizacións diferentes á Galiza engade un custo en materia de transporte, en materia de emisión e polo tanto en materia económica. Doutra banda, o longo historial de incumprimentos canto a investimentos e fixación de postos de traballo do grupo empresarial debe facer saltar todas as alertas e procurar unha unidade social e institucional a favor do mantemento do emprego no noso país e do desenvolvemento da actividade industrial vinculada ao coñecemento.

Desde o Bloque Nacionalista Galego apostamos porque a produción industrial debe ter un retorno para Galiza en termos sociais e económicos, nomeadamente cando para o seu desenvolvemento é preciso desenvolver actividades extractivas con custos ambientais e tamén sociais. Entendemos, polo tanto, que camiñar cara un desenvolvemento desta actividade na que a extracción do mineral natural, que ademais ten unhas condicións excelentes, se desenvolve en Galiza pero non así as actividades de produción, investigación e desenvolvemento, é tremendamente negativo e propio dun modelo colonial que non compartimos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Coñece a Xunta de Galiza a intención do grupo empresarial Ferrotlántica-Ferroglobe de deslocalizar a produción asociada ao silicio extraído en Galiza para fóra do noso país? Que valoración lle merece?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 11:22
Nº Rexistro: 19758
Data envio: 06/11/2017 11:22:08.019

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para favorecer o peche do ciclo produtivo do silicio solar no noso país?

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para favorecer o mantemento e aumento da carga de traballo e cadro de persoal derivados do silicio solar?

-Ten coñecemento a Xunta de Galiza de cal é o volume de recursos públicos se ten destinado desde as arcas galegas a este sector? En que medida ao grupo citado?

-Mantivo algunha comunicación a Consellaría de Economía, emprego e industria ao respecto coa empresa?

-Mantivo algunha comunicación a Consellaría de Economía, emprego e industria ao respecto co cadro de persoal?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



63067

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 11:22
Nº Rexistro: 19758
Data envio: 06/11/2017 11:22:08.019

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 06/11/2017 11:20:50**

**María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2017 11:20:56**

**Olalla Rodil Fernández na data 06/11/2017 11:20:58**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 06/11/2017 11:21:03**

**Xosé Luis Bará Torres na data 06/11/2017 11:21:07**

**Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2017 11:21:10**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 13:53
Nº Rexistro: 19784
Data envio: 06/11/2017 13:53:16.144

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

# Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre as axudas de apoio á etapa predoutoral en Galiza.

Con data do 9 de xuño o Diario Oficial de Galiza (DOG) publicou a Orde do 29 de maio de 2017, conxunta da Consellaría de Cultura, Educación e O.U e da Consellaría de Economía, Emprego e Industria, pola que se estabelecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galiza e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i.

En xuntanza co grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a Asemblea de Investigadoras de Compostela, expuxo os problemas que están a atinxir as persoas investigadoras en etapa predoutoral e que se veñen sucedendo desde hai anos. Entre eles,

1. As sucesivas demoras na convocatoria das devanditas axudas que acumularon case 11 meses no ano 2017 en relación coa de 2012.

2. A data de resolución da convocatoria, 8 días despois da data límite para a sinatura dos contratos.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 13:53
Nº Rexistro: 19784
Data envio: 06/11/2017 13:53:16.144

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. O tempo de agarda que deriva deste atraso e que abocou as persoas solicitantes matriculadas en programas de doutoramento do SUG no curso 2016/2017 a agardar todo un curso académico sen garantías de ter financiamento.

4. Críticas aos criterios de avaliación que supoñen a discriminación do estudantado de doutoramento que non investigan asuntos indicados polo FSE ou que non pertencen a un grupo de investigación dos centros promovidos.

5. A imposición de restricións na escolla do destino no que desenvolver a obrigada estadía exterior e o tempo no que esta debe decorrer.

6. A fixación dun límite temporal para poder concorrer a estas axudas impedindo que poidan facelo aquelas persoas licenciadas ou graduadas antes do 1 de xaneiro de 2013 (agás excepcións). Como xa ten denunciado o BNG diante dun criterio semellante introducido nas axudas postdoutorais, este criterio limitador supón de facto unha discriminación por razón de idade e en ningún caso responde a razóns académicas.

Todas estas cuestións supoñen un atranco no acceso a estas axudas que constitúen un elemento fundamental para as persoas que deciden iniciar unha carreira investigadora. Aliás, mesmo impediron nas convocatorias de 2013 e 2014 que se asinasen todos os contratos ao non facer a administración uso das listaxes de agarda despois das renuncias que cada ano se producen, en boa medida, como resultado da resolución das FPU. Tanto é así que a falta de coordinación entre ambas as dúas convocatorias, denuncian desde a Asemblea de Investigadoras de

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 13:53
Nº Rexistro: 19784
Data envio: 06/11/2017 13:53:16.144

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Compostela, e o limitado prazo para a adxudicación das prazas que foran obxecto de renuncia, provocaron que máis de 40 contratos ficasen sen asinar.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Por que razón a Xunta de Galiza acumula enormes demoras na resolución da Orde de axudas de apoio á etapa predoutoral?

- Por que o Goberno galego obriga as persoas solicitantes a elixir o lugar de destino na propia solicitude destas axudas imposibilitando que este sexa modificado con posterioridade?

- Cre que as restricións fixadas no tempo en que deben decorrer estas estadías benefician o estudantado?

- Por que razón a Xunta de Galiza estabelece como límite para concorrer a estas axudas ter obtido o título de Licenciatura ou Grao despois do 1 de xaneiro de 2013?

- Despois do encontro mantido por representantes da Consellaría de Cultura, Educación e O.U., pensa introducir algunha mudanza nesta convocatoria? De ser así, cales?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 13:53
Nº Rexistro: 19784
Data envio: 06/11/2017 13:53:16.144

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que razóns hai para que a Xunta de Galiza deixase sen asinar máis de 40 contratos predoutorais nas convocatorias de 2013 e 2014 despois das previsíbeis renuncias?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 06/11/2017 13:51:57**

**María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2017 13:52:02**

**Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2017 13:52:07**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 13:53
Nº Rexistro: 19784
Data envio: 06/11/2017 13:53:16.144

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 06/11/2017 13:52:09**

**Noa Presas Bergantiños na data 06/11/2017 13:52:10**

**Xosé Luis Bará Torres na data 06/11/2017 13:52:12**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 16:43
Nº Rexistro: 19794
Data envio: 06/11/2017 16:43:31.769

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

María Dolores Toja Suárez, María Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Don Enrique Labarta Pose (Baio, 1863-Barcelona, 1925), escritor e xornalista galego, referente da literatura galega de finais do século XIX e primeiro cuarto do século XX. Cabe destacar na súa traxectoria a súa participación nos faladoiros da Academia da Mocidade Católica, onde ten ocasión de coñecer a escritores como Valle-Inclán, Augusto González Bicada, Juan Barcia Caballero, Vázquez de Mella, Cabeza de León ou Alfredo Brañas.

Labarta Pose é un poeta encadrado na liña costumbrista de finais do século XIX, aínda que incorporou elementos modernistas. Algunhas das súas obras: Galicia Humorística (1888), O País Galego (1888), A Pequena Patria (1890), Extracto de Literatura (1893) e Pasatempos (1893-1894); dirixiu Galicia Moderna (1897) e colaborou en Galicia Recreativa e A miña Terra co pseudónimo de Antón de Rabodegalo. Un dos volumes da Biblioteca Galega comprende a obra do Tío Miseria e outros contos, de Labarta Pose.

A súa memoria segue aínda viva na súa vila natal. Así, o colexio da localidade leva o seu nome, mentres que as asociacións locais de carácter cultural máis relevantes (Adro e Badius) homenaxean ano tras ano ao escritor coa finalidade de propoñer a súa homenaxe coa dedicación do Día das Letras Galegas, ata o punto de constituírse unha comisión para canalizar esta petición, encabezada por un científico e catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, o profesor Jorge Mira, coñecido divulgador e director do programa Conciencia da USC.

Quizá un dos fitos máis relevante no afán por destacar a figura e a obra do escritor, viviuse hai máis de 20 anos coa publicación da obra Contos (Galaxia, editada por Xosé Manuel Varela Varela e Xosé María Lema), un libro que recolle oito dos relatos que Labarta Pose publicara en 1897 e 1908 en revistas diversas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 16:43
Nº Rexistro: 19794
Data envio: 06/11/2017 16:43:31.769

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Enrique Labarta Pose foi pioneiro introducindo a literatura na Costa da Morte, e con ela o xénero humorista, como un sinal de identidade dos seus relatos, ambientados en moitos lugares do interior desta comarca da provincia da Coruña

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que opinión ten o Goberno galego sobre a necesidade de implicación institucional e orzamentaria na difusión e conmemoración da figura e da obra do intelectual, escritor e poeta baiés, Enrique Labarta Pose?

2ª) Que actuacións vai levar a cabo o Goberno galego para difundir a obra do intelectual, escritor e poeta baiés Enrique Labarta?

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 06/11/2017 16:37:57**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 06/11/2017 16:38:08**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 06/11/2017 16:38:21**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 18:16
Nº Rexistro: 19821
Data envio: 06/11/2017 18:16:10.347

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos Socialistas de Galicia

No Diario Oficial de Galicia do 14 de marzo de 2017, a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a Orde *do 2 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións aos concellos galegos para a creación de espazos activos de emprendemento comercial no medio rural e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (código de procedemento IN201I).*

Na propia exposición de motivos, establécese que "O Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia 2015-2020 ten entre os seus obxectivos o apoio á creación de empresas comerciais, impulsando as novas ideas, a competitividade e o emprendemento, e sinala que Galicia presenta unha riqueza rural que merece ser preservada tamén desde o punto de vista comercial, garantindo unha dotación comercial suficiente, para o que é necesario potenciar a creación de empresas situadas no ámbito rural polas sinerxías xeradas, a procura do equilibrio da oferta comercial do territorio, a garantía do abastecemento da poboación rural e a mellora da comercialización dos produtos autóctonos"

No Anexo I recolle as bases reguladoras para a concesión das subvencións, que no artigo 3 establece que poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia de ata 20.000 habitantes.

No artigo 8 establece os criterios de valoración das solicitudes presentadas.

No Diario Oficial de Galicia de data 4 de setembro de 2017 a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a Resolución do 23 de agosto de 2017, da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da dita Orde, resultando beneficiados 11 concellos.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 18:16
Nº Rexistro: 19821
Data envio: 06/11/2017 18:16:10.347

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cales foron a totalidade dos concellos que solicitaron a dita subvención?

2ª) Que criterios de valoración se aplicaron a cada un dos concellos solicitantes de acordo co artigo 8 da dita orde?

3ª) Cales foron as causas que motivaron a exclusión dalgún concello, se as houber?

4ª) Considera o Goberno galego axeitada a publicación desta subvención no mes de marzo, tendo en conta que a resolución de concesión é do 23 de agosto e o prazo de xustificación ante a xefatura provincial é o 31 de outubro?

5ª) Considera o Goberno galego que a contía de 806.944€ é suficiente para a finalidade que se persegue con esta tipo de axudas?

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/11/2017 18:13:54**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 06/11/2017 18:14:01**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/11/2017 18:14:09**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 09:54
Nº Rexistro: 19826
Data envio: 07/11/2017 09:54:57.119

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

# Á Mesa do Parlamento

**Luis Manuel Alvarez Martínez, María Dolores Toja Suárez** e **Concepción Burgo López**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Recentemente o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, facendo unha valoración dos orzamentos do seu departamento para o ano 2018, trasladaba, e así se recolle en nota de prensa dispoñible na web da consellería, que:

".....No referido aos investimentos en Infantil e Primaria, destacou o remate do novo CEIP de Culleredo (cunha anualidade prevista de 2,1 millóns), o CEIP de Novo Mesoiro (1,1 millóns de euros), o remate da 2ª fase da ampliación do CEIP Castelao en Navia (Vigo, 1,21 millóns), así como partidas iniciais para os proxectos e primeiros desenvolvementos dos novos CEIPs de Pazos de Rei (Tui) e do novo CEIP de Ames. Ademais, continuará a mellora da eficiencia enerxética que xunto cos fondos de mellora funcional ascenden a 5,2 millóns de euros e que permitirán a intervención nunha nova decena de centros, e haberá importantes partidas de reforma e ampliación no CEIP Lamas de Abade (Santiago, case un millón de euros), na ampliación do CEIP Laverde Ruiz (Outeiro de Rei, medio millón de euros), na ampliación dos aularios de Vedra, na reforma do CEIP de Ortigueira e na ampliación do CEIP de Cabanas.

….. "

Como se pode observar, non hai ningunha referencia expresa ás tan necesarias obras no CEIP Ramón Otero Pedraio de A Laracha, correspondentes á 2ª fase, que de modo moi sintético podemos concretar no seguinte:

- Tres aulas no edificio novo.
- Remate do patio do novo colexio.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 09:54
Nº Rexistro: 19826
Data envio: 07/11/2017 09:54:57.119



– Pasarelas de comunicación entre os edificios de educación infantil, edificios de primaria e comedor.
– Reforma da zona de administración do centro de primaria.

Ante esta situación, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a realizar as necesarias e pendentes obras no CEIP Ramón Otero Pedraio de A Laracha no ano 2018?

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2017

Asdo.: Luis Manuel Alvarez Martínez
María Dolores Toja Suárez
Concepción Burgo López
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/11/2017 09:50:55**

**María Dolores Toja Suárez na data 07/11/2017 09:51:34**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 07/11/2017 09:51:40**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 11:02
Nº Rexistro: 19832
Data envio: 07/11/2017 11:02:50.979

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

# Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Luis Manuel Álvarez Martínez, José Antonio Quiroga Díaz, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

No arranxo feito da estrada LU-710 que une O Cádavo e Baralla, deixouse sen modificar o tramo que vai dende o enlace da A-6 ata Baralla.

Esta é unha estrada sinuosa, estreita e que está en moi mal estado, sendo un perigo para os usuarios que son moitos dado que a LU-710 é o enlace máis directo do núcleo central de Baralla ca A-6, polo que é necesario arranxala con urxencia, e modificala dándolle un ancho de 9 metros e facendo variacións no trazado para corrixir as curvas.

A necesidade desta intervención foi recoñecida pola Xunta de Galicia en 2010, cando o conselleiro de Infraestruturas e Territorio, Agustín Hernández, comprometeuse a facer as obras neste tramo e garantiu que tería as mesmas características que os quilómetros xa arranxados. Pero, como é moi habitual coa Xunta de Galicia, as promesas foron incumpridas e nunca máis se soubo sobre este arranxo.

É absolutamente necesario que a Xunta cumpra as súas promesas e arranxe, no menor tempo posible, este tramo da estrada LU-710 para aumentar a seguridade dos usuarios.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 11:02
Nº Rexistro: 19832
Data envio: 07/11/2017 11:02:50.979

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

1.ª) Levou a cabo a Consellería de Infraestruturas e Vivenda algunha acción para arranxar o tramo da estrada LU-710 que vai do enlace ca A-6 a Baralla, tal como prometeu en 2010?

2.º) Pensa a Xunta de Galicia cumprir a promesa feita en 2010 polo entón titular desta consellería, de arranxar este tramo e darlle as mesmas características co resto desta estrada?

Si é así, cando ten previsto comezar?

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
José Antonio Quiroga Díaz
Raúl Fernández Fernández
María Luis Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 07/11/2017 10:56:50**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/11/2017 10:57:01**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 07/11/2017 10:57:08**

**Raúl Fernández Fernández na data 07/11/2017 10:57:18**

**María Luisa Pierres López na data 07/11/2017 10:57:28**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 17:20
Nº Rexistro: 19862
Data envio: 07/11/2017 17:20:02.477

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En pleno século XXI, o da era informática e da internet, cando se loita en Galicia por estender a banda larga ao rural galego, aínda quedan lugares nos que, por falla de tensión eléctrica, facer un uso simultáneo da neveira e o conxelador, ver a televisión, poñer a lavadora ou utilizar maquinaria de muxir nunha granxa é case imposible.

O problema da falla de tensión eléctrica no rural galego é un problema que, por un lado, están a sufrir os gandeiros e gandeiras que levan dende sempre coas súas explotacións no mesmo lugar e queren ampliar a súa explotación gandeira e non teñen a tensión eléctrica necesaria, polo que estes gandeiros teñen que reforzar a liña eléctrica de todos os veciños, pagando eles a mellora necesaria.

E, por outro lado, están os gandeiros e gandeiras que queren emprender un novo proxecto e que por temas de urbanismo teñen que construír onde non chega a rede eléctrica, polo que estes emprendedores teñen que se facer cargo dos custes da nova liña eléctrica.

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Xunta de Galicia da falta de tensión eléctrica en moitas explotacións agrarias, se for o caso, que medidas se están a adoptar?

2ª) Mantivo a Xunta de Galicia algunha xuntanza coas empresas subministradoras de electricidade para intentar solucionar este tema, se for o caso, en que datas e que conclusións ou compromisos se acadaron?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 17:20
Nº Rexistro: 19862
Data envio: 07/11/2017 17:20:02.477

Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2017

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/11/2017 17:14:40**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 07/11/2017 17:14:50**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/11/2017 17:15:01**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2017 17:41
Nº Rexistro: 19872
Data envio: 07/11/2017 17:41:21.414

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Dende Muros tense solicitado a Portos de Galicia en reiteradas ocasións, a construción dunha rampla no peirao de Esteiro para a baixada e subida de embarcacións, así como para facilitar os labores portuarios. Ao mesmo tempo, e xa que os deportes acuáticos están en auxe, facilitaría o funcionamento do club de remo. A dita petición foi acordada co Patrón Maior de Muros, concluíndo que é unha necesidade urxente, por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten pensado o Goberno galego, levar a cabo algunha xestión para a realización dunha rampla no peirao de Esteiro en Muros, se for así, en que prazos?

2ª) Mantivo o Goberno galego algunha reunión ou conversa co Patrón maior de Muros, sobre a necesidade de realizar unha rampla no peirao de Esteiro Muros, de ser así, que compromisos se acadaron?

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 07/11/2017 17:35:17**

**Julio Torrado Quintela na data 07/11/2017 17:35:29**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 19885
Data envio: 07/11/2017 19:59:45.961

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita.**

O 3 de abril de 2017 publicouse no DOG a Orde pola que "se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2017."

Esta axuda, regulada na Lei de Orzamentos do ano 2017, consiste nun pago de 360 euros pola primeira filla ou fillo, de 1.200 euros pola segunda ou segundo e de 2.400 euros polo terceiro e sucesivos, para aquelas familias, que durante 2015 non estivesen obrigadas a presentar a declaración polo IRPF nin que a presentasen de xeito voluntario, e que a 1 de xaneiro tiveran ao cargo a fillos/as menores de 3 anos que cumprirán os seguintes requisitos:

a) Que as persoas proxenitoras teñan a súa residencia habitual en Galicia. No caso de que non quede acreditada a dita circunstancia pola presentación do xustificante de empadroamento, poderáselles requirir para que presenten documentación complementaria que o demostre.

b) Que na data da solicitude os nenos ou as nenas convivan coa persoa solicitante.

O prazo para resolver estas axudas é "de cinco meses contado desde o día seguinte ao da data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 19885
Data envio: 07/11/2017 19:59:45.961



"Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas."

Estamos a falar de familias con baixos ingresos, que viven cinco meses coa incertidume de saber se van recibir ou non a axuda. Ademais, en moitos casos, estas familias deixaron de presentar voluntariamente a declaración da renda, que lles podía saír a devolver, por ter unha pequena axuda que, para elas, significa un respaldo para o pago de facturas.

Por outra parte, moitas familias ás que se lle concedeu a axuda, denuncian que, pasados cinco meses xa do fin do prazo de solicitudes, non se lles informa sobre cando van cobrar ou díselles unha data aproximada que logo non se cumpre e na Consellería de Política Social non se lles fornece información ante as súas peticións.

Esta situación de atrasos no pagamento das axudas non só se produciu neste ano 2017.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantas "prestacións económicas de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos" están resoltas favorablemente neste ano 2017? Cantas delas están pendentes de pago?

2. Que tempo medio de agarda existe no pago destas axudas nos últimos anos?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 19885
Data envio: 07/11/2017 19:59:45.961

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

3. Por que a Xunta non informa ás familias pendentes do pago sobre cando van cobrar?

4. Non considera a Xunta que se debe cambiar a orde en sucesivos anos para que se teña que ditar sempre resolución expresa para todas as solicitudes presentadas?

5. Non considera a Xunta que é xusto que se axilice o pago destas axudas?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 07/11/2017 19:53:50**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:46
Nº Rexistro: 19896
Data envio: 08/11/2017 11:46:26.189

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Begoña Rodríguez Rumbo, María Dolores Toja Suárez, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O día 3 de decembro de 1992 o petroleiro *Mar Egeo* encallaba a carón da Torre de Hércules. En poucas horas 67 mil toneladas de cru bañaban as costas coruñesas e só o cambio de rumbo do vento evitou unha catástrofe por intoxicación masiva na cidade. O dano biolóxico afectou a toda a costa entre a Coruña e Ferrol. Os coruñeses viviron con angustia aqueles días, tendo na memoria aínda a nube do *Urquiola* fundíndose en plena baía.

No ano 1995 a Autoridade Portuaria da Coruña inicia os estudos previos para a construción dunha nova dársena exterior para substituír e mellorar as dotacións do porto coruñés motivado polo crecemento dos tráficos portuarios, a intensa actividade da refinería, os maiores requirimentos da central térmica e os sucesivos problemas ambientais derivados de naufraxios. Facíase necesario empezar a pensar na necesidade de afastar o groso da actividade portuaria do corazón urbano.

O 19 de decembro de 2002 o *Prestige* partiuse en dous baleirando setenta e sete mil toneladas de cru que se repartiron polas costas galegas provocando un dos maiores desastres ecolóxicos da historia marítima, e xerando un amplo debate sobre a necesidade e radicación de portos refuxio e as condicións de navegación dos petroleiros.

A Coruña non só non foi allea a aqueles debates senón que se uniu coa experiencia dos tres naufraxios recentes e, ademais, coa consciencia de ter no seu subsolo catro barrios e seis quilómetros de canalizacións de gas e cru desde Os Castros ata a refinería.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:46
Nº Rexistro: 19896
Data envio: 08/11/2017 11:46:26.189



É neste contexto cando se consegue a aprobación do Goberno de España o compromiso firme de construción do Porto exterior. O 4 de febreiro de 2004 subscríbese un convenio entre o Goberno central, a Xunta, Adif e os concellos de Arteixo e A Coruña, co que se pretendía:

- Dotar dun marco xurídico os acordos acadados entre as institucións implicadas.
- Aprobar un cronograma provisional de traslado de actividades portuarias do Porto interior ao exterior e a desafectación paulatina dos terreos.
- Prever os usos dos solos ocupados polo porto interior.
- Incluír os ditos solos nas previsións de financiamento do Porto exterior.
- Remitir a redacción dunha modificación do PGOM e un PERI do porto os usos do solo, ata a data ocupado polo Porto interior.

O convenio será aprobado polo Pleno municipal en xullo dese mesmo ano. Disponse que na Zona 1 (Batería e Calvo Sotelo), a edificabilidade asignada será, polo menos, de 34.458 m2 edificables, para usos hoteleiro, oficinas e comercial. Disponse que na Zona 2 (San Diego, incluída estación ferroviaria) a edificabilidade residencia sexa de, polo menos, 344,581 m2 (275.665 m2 para libre e 68.916 m2 para protexida) e 51.687 m2 para terciario.

O propio convenio recolle que o Ministerio estima "que a reordenación destes terreos, unha vez tramitada a súa desafectación conforme á lexislación vixente, debe servir para a mellora e o desenvolvemento das estruturas urbanas da Coruña, para conseguir un peche da fachada marítima da máxima calidade arquitectónica e para mellorar a seguridade e a calidade medioambiental da cidade."

O Porto exterior adxudícase o 20 de decembro dese mesmo ano. Seis anos despois estaban finalizados os principais elementos do porto: dique, contradique, viarios e superestrutura do peirao, se ben o acceso ferroviario segue sendo a gran materia pendente.

Atendendo a estas disposicións, o urbanista Joan Busquets redactou un documento de ordenación de terreos portuarios que respectaba a división zonal prevista e que propoñía unha distribución de usos e solos acordes coas disposicións acordadas entre as institucións asinantes.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:46
Nº Rexistro: 19896
Data envio: 08/11/2017 11:46:26.189

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Nestes últimos meses o debate en canto ao presente e ao futuro do Porto exterior e da fachada portuaria interior da cidade, regresou a un primeiro plano, con permanentes desencontros entre o Goberno municipal da Coruña, o Ministerio de Fomento, a través de Puertos del Estado e da Autoridade portuaria da Coruña, e mesmo coa utilización por parte do presidente da Xunta de atribucións non competencia da súa administración sobre os usos de solos do porto, deixando en terreo de ninguén o proxecto da cidade.

Pero non foron os únicos detonantes da necesidade de arbitrar unha solución:

- A inquedanza instalada nos sectores profesionais vinculados ao porto pola opacidade do Goberno de España arredor da conexión ferroviaria.
- Os datos de actividade portuaria dos últimos anos non foron os desexados por se ter instalado na Autoridade portuaria unha actitude de conformismo, limitándose a xestionar desde a inercia os tráficos "cautivos" dependentes das instalacións de carbón o refino e cuxa dependencia acada xa case o 90 % dos tráficos, sen, ao parecer, propoñerse maiores expectativas. A pesar dos leves incrementos de tráficos totais, o certo é que as cifras do Porto está en niveis de 2005.
- Os movementos de tráficos xerais ven como diminúe o seu peso relativo na actividade portuaria, co que isto significa de perda de operadores de carga e de perda de posicións da dársena coruñesa respecto a outras.

Conscientes diso e tamén da importancia secular do Porto na cidade da Coruña, tanto desde o punto de vista económico como social, os socialistas facemos un chamamento ás institucións- Concello, Porto, Xunta, Fomento e Adif –e aos seus responsables, a entenderse e acadar acordos nun momento crucial para a cidade e o Porto Exterior e desenvolver os pasos necesarios para a posta en marcha dun Consorcio Público que lidere os traballos necesarios para unha correcta desafectación dos terreos e a súa necesaria reordenación.

Os desencontros actuais entre administracións non solo non contribúen a mellorar o posicionamento económico da cidade e o do porto, senón que contribúen a un debate mal intencionado e interesado que trata de desacreditar unha infraestrutura necesaria, moderna e chamada a ser o motor económico do norte de Galicia, ao tempo que demora a necesaria transformación da fachada marítima da Coruña.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:46
Nº Rexistro: 19896
Data envio: 08/11/2017 11:46:26.189

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo os deputados e as deputadas que asinan conscientes da importancia do Porto Exterior da Coruña e a súa natureza estratéxica respecto á economía da cidade e da comunidade autónoma, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que previsións ten o Goberno galego para impulsar diante da Administración do Estado a transformación portuaria e urbanística da cidade da Coruña mediante a constitución dun ente consorcial público que lidere este reto?

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/11/2017 11:34:13**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/11/2017 11:34:25**

**María Dolores Toja Suárez na data 08/11/2017 11:34:34**

**María Luisa Pierres López na data 08/11/2017 11:34:44**

**Raúl Fernández Fernández na data 08/11/2017 11:34:56**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 12:32
Nº Rexistro: 19902
Data envio: 08/11/2017 12:32:51.205

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á necesidade de substituír ao persoal facultativo no centro de saúde de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía.

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público, recortes que se están aplicando dun xeito xeneralizado, tanto na atención hospitalaria como en atención primaria, e en todo o territorio galego.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

Un exemplo desta situación concrétase no centro de saúde de Vilaxoán, no concello de Vilagarcía de Arousa. Centro que está ubicado nas instalacións da Confraría de Pescadores Virxe do Rosario.

No centro de saúde hai unha médico e unha enfermeira que atende a usuarios e usuarias do pobo de Vilaxoán, Sobradelo, Faxilde, Galáns. Unha parte moi importante dos doentes que acoden a este centro superan os 60 anos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 12:32
Nº Rexistro: 19902
Data envio: 08/11/2017 12:32:51.205

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nestes días tense coñecemento que a médica que atende no centro de saúde de Vilaxoán vai estar de baixa durante un tempo considerábel, sen que isto conleve que desde a Consellaría de Sanidade destine outro/a profesional para a súa substitución.

A non substitución desta médica ocasionará prexuízos para os doentes que se terán que desprazar ao centro de saúde de Vilagarcía de Arousa ben en autobús ou en taxi, polo que suporá un gasto económico para os usuarios e usuarias, ou ben depender doutras persoas para o seu traslado.

Neste centro, aberto de luns a venres de mañá, na maioría dos días hai unha sobrecarga asistencial excesiva que obriga ao profesionais sanitarios a facer máis horas das que lle corresponden.

Ademais, as consecuencias de non substituír a esta médica implicarán que o persoal médico do centro de saúde de Vilagarcía, saturado xa na maioría dos días, verá incrementado o número de pacientes para atender polo que a calidade asistencial verase deteriorada.

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Vai a Xunta proceder a cubrir a ausencia da facultativa do Centro de Saúde de Vilaxoán?

-Considera que @s veciñ@s de Vilaxoán poden ter unha axeitada atención sanitaria se non proceden a substituír a ausencia da única facultativa que presta servizo no centro de saúde de Vilaxoán?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 12:32
Nº Rexistro: 19902
Data envio: 08/11/2017 12:32:51.205

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Coida que o Ambulatorio de Vilagarcía, coa sobrecarga asistencial que ten, está en condicións de asumir un aumento da demanda se teñen que acudir ao mesmo @s doentes de Vilaxoán?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2017 12:31:59**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2017 12:32:03**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2017 12:32:04**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2017 12:32:06**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 12:32
Nº Rexistro: 19902
Data envio: 08/11/2017 12:32:51.205

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2017 12:32:07**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2017 12:32:08**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19909
Data envio: 08/11/2017 14:20:44.861

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Onte 7 de novembro o goberno local de Betanzos fixo produciuse un vertido nos ríos Mandeo e Mendo na ría de Betanzos dunha substancia branca que produce mal olor na auga da ría. Na ría de Betanzos hai actividade extractiva, marisqueo, na confraría de Miño actualmente con 22 licenzas.

Segundo información do propio concello o vertido vense mantendo desde hai uns días. O Seprona tomou mostras para investigar a súa procedencia e de que vertidos se trata así como a súa gravidade.

A Confraría de Miño están preocupadas pola cantidade de vertidos que afectan á ría de Betanzos (xa de partida, en moitas Zonas declarada zona C para o marisqueo) xusto na época previa á temporada de Nadal, no ano anterior producíranse 3 vertidos á ría na mesma época, cando empezan as choivas, polos que até onde sabemos non se atoparon responsábeis nin se tomou ningunha medida.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-En que situación se atopa a investigación sobre a procedencia destes vertidos?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19909
Data envio: 08/11/2017 14:20:44.861

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que tempos contemplan para ter información sobre a gravidade e as substancias así como dos responsábeis?

-Pensan informar á veciñanza da comarca das Mariñas en xeral e, máis concretamente á confraría de que substancias se trata?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2017 14:18:44**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2017 14:18:50**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2017 14:18:51**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19909
Data envio: 08/11/2017 14:20:44.861

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2017 14:18:52**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2017 14:18:54**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2017 14:18:55**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:04
Nº Rexistro: 19967
Data envio: 08/11/2017 17:04:42.642

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, establece no seu artigo 5º as funcións do dito consello:

De acordo coa súa finalidade e natureza, correspóndelle ó consello as seguintes funcións, entre outras:"

*1. Emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo.*

*1.1 Serán ditames de solicitude preceptiva os que versen sobre:*

*a) Anteproxectos de lei e proxectos de decretos lexislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socio-económicas directamente vinculadas ó desenvolvemento económico e social de Galicia.*

*Exceptúanse desta consulta os proxectos de lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma.*

*b) Anteproxectos de lei ou proxectos de disposicións administrativas que afecten a organización, as competencias ou o funcionamento do consello.*

*c) Calquera outro relativo a materias que teñan que consultárselle ó consello por precepto expreso dunha lei.*

*O Consello da Xunta, ó comunicarlle ó Parlamento a aprobación dos proxectos de lei e de decretos lexislativos, incluirá o ditame elaborado, se é o caso, polo consello"*

Neste ano que levamos da X Lexislatura, tramitáronse dúas leis: a Lei de fomento de implantación de iniciativas empresariais de Galicia e a Lei de benestar animal, sen que se teñan achegado os informes do CES na documentación e si unha memoria na que xustifica a non solicitude de dito informe, no caso da Lei de benestar animal.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:04
Nº Rexistro: 19967
Data envio: 08/11/2017 17:04:42.642

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

A maiores, neste momento, estanse a tramitar a Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas así como a Lei de medidas fiscais e administrativas, achegándose aos proxectos de Lei unha memoria xustificativa da non necesidade do dito informe.

Á vista disto, a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Considera o Goberno galego que se está a dar cumprimento o contido do artigo 5º da dita lei?

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/11/2017 17:02:24**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/11/2017 17:02:31**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:05
Nº Rexistro: 19968
Data envio: 08/11/2017 17:05:39.642

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Pleno do Consello Económico e Social de Galicia aprobou no Pleno do 28 de xullo de 2017 a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2016, que presenta como "completo diagnóstico da realidade socioeconómica da comunidade" e que vén acompañado das consideracións aportadas polos membros.

Na dita memoria, establécense unha serie de consideracións sobre diversas materias:

1. Panorama económico
2. Mercado de traballo e relacións laborais
3. Dinamismo do tecido produtivo
4. Calidade de vida e benestar social
5. Recursos e capacidades para o desenvolvemento

Moitas das consideracións recollidas no dito informe foron postas de manifesto por este grupo parlamentario sen que por parte do Goberno galego se teñan tomado as medidas necesarias que permitan a reversión dalgunha das situacións expostas.

O día 2 de novembro na Comisión 3ª deste Parlamento compareceu a presidenta do CES, e por parte do Grupo Socialista formuláronse as seguintes preguntas:

1ª) O Goberno galego ten en conta as memorias, informes, opinións e/ou recomendacións emitidos polo Consello?

2ª) Existe algún mecanismo de control para facer un seguimento sobre a implantación de ditas recomendacións?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:05
Nº Rexistro: 19968
Data envio: 08/11/2017 17:05:39.642

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

3ª) Para a elaboración destes orzamentos se tiveron en conta recomendacións ou orientacións sobre a política orzamentaria emitidos polo CES?

Ao que a Sra. presidenta do CES contestounos que as recomendacións efectuadas nas memorias, informes e/ou opinións son cumpridas nun 80 %.

Polo que, á vista destes datos a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como se teñen trasladado as recomendacións feitas polo CES na súa Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2016?

2ª) Se existe un mecanismo de control que faga o seguimento sobre o cumprimento das ditas recomendacións, podemos os deputados e deputadas desta Cámara ter acceso aos ditos informes?

3ª) Tivéronse en conta para a elaboración do Proxecto de lei de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2018 as recomendacións sobre política orzamentaria emitidos polo CES?

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/11/2017 17:02:55**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:05
Nº Rexistro: 19968
Data envio: 08/11/2017 17:05:39.642

Grupo Parlamentario

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/11/2017 17:03:03**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 12:58
Nº Rexistro: 20014
Data envio: 09/11/2017 12:58:05.660

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

# Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo e Luis Álvarez Martínez,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita:**

o castelo da Salvaterra do Miño declarado BIC en 1949, está unido á historia de grandes nomes da historia de Galicia como Dona Urraca na súa loita contra Teresa de Portugal, o Pedro Madruga, protagonista dos violentos enfrontamentos entre os señores feudais de Soutomaior e os Sarmientos.

O recinto amurallado, de planta rectangular, ocupa unha superficie de 9.700 metros cadrados. No seu interior atópanse as Covas de Dona Urraca, coa súa escaleira de caracol, a Casa do Conde e a capela da Virxe da Oliva, pegada aos muros do castelo.

Hoxe día consérvanse fragmentos de muralla que datan do século XII e unha parte importante da muralla abaluartada que rodea todo o conxunto, do século XVII, obra do enxeñeiro francés Carlos de Lessar.

No pasado recente pertencía a familia Alba pero foi recuperada polos veciños do concello para o seu uso.

Neste castelo a Xunta de Galicia pretende crear un museo do viño cun custo total de 600.000 euros que ocuparía todos os espazos da fortaleza, uns espazos que os veciños agora están utilizando para actividades culturais e comunitarias.

Realmente, a intención de facer un museo neste castelo e especificamente nas Covas de dona Urraca, semella unha incongruencia e un despilfarro porque fai poucos anos destináronse 240.000 euros de fondos europeos para rehabilitar a chamada Casa do Conde dentro da fortaleza, e crear un museo do viño onde en palabras do alcalde, “quedaría reflectido todo o sector vitivinícola da zona”, pero agora este espazo está pechado e sen ningunha actividade.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 12:58
Nº Rexistro: 20014
Data envio: 09/11/2017 12:58:05.660



Ante estes feitos, asociacións culturais da zona e partidos da oposición promoveron un manifesto solicitando que o museo se radique na Casa do Conde, xa preparada para acollelo e non nas Covas de dona Urraca porque estas, -tamén coñecidas como as Minas-, sempre foron un espazo de uso colectivo, de encontro de todos os veciños e veciñas, utilizado para todo tipo de actos culturais sen que se atope no concello un ben cas mesmas características. Afirman, con razón, que si se pon en marcha o museo proxectado ocuparíase todo o espazo do castelo e polo tanto os veciños e veciñas non terían instalacións para desenvolver actos culturais, xuntanzas de todo tipo, en definitiva deixaría de ser un lugar de encontro e de veciñanza, un patrimonio vivido e utilizado para converterse nun patrimonio simplemente de exposición.

O Grupo Parlamentario Socialista consideramos un dispendio inxustificable destinar centos de miles de euros a facer unha infraestrutura na que xa se fixo un investimento de 200.000 euros e que agora se atopa sen ningunha utilidade. Cando vemos que para a protección e posta en valor do patrimonio histórico galego se está facendo un investimento de cantidades moi pequenas e está a seguir sufrindo fortes recortes, tirar ao lixo o investimento realizado e utilizar 600.000 euros nun museo que pode poñerse en marcha xa mesmo na Casa do Conde cun investimento mínimo é un despilfarro económico moi grave.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Non considera a Xunta de Galicia de que é un despilfarro inxustificable construír un Museo do Viño nas Covas de dona Urraca no castelo de Salvaterra cando xa se fixo un investimento de 200.000 euros na rehabilitación, para a mesma función de museo do viño, da Casa do Conde no mesmo castelo?

2.º) Como valora a Xunta de Galicia a oposición de asociacións veciñais e culturais e partidos políticos a crear este museo nas Covas de dona Urraca e a súa proposta de facelo na Casa do Conde?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 12:58
Nº Rexistro: 20014
Data envio: 09/11/2017 12:58:05.660



3.ª) Como valora as consecuencias que tería a creación nas Covas de dona Urraca o dito museo ca perda de espazos de uso comunitario onde, entre outras actividades, se levan a cabo actos culturais?

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Patricia Vilán Lorenzo
Luis Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 09/11/2017 12:55:51**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 09/11/2017 12:55:59**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 09/11/2017 12:56:04**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 16:31
Nº Rexistro: 20028
Data envio: 09/11/2017 16:31:37.378

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

# Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, Luis Manuel Alvarez Martínez, Concepción Burgo López, José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández** e **María Luisa Pierres López**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Galicia está a sufrir unha preocupante seca dende mediados do pasado ano 2016. Hai dúas demarcacións hidrográficas (Galicia-Costa e Miño-Sil) que están en prealerta, estado que se activa cando os indicadores descenden significativamente por baixo dos valores medios históricos, polo que é convinte extremar o control. Por outra banda, en xuño deste ano declarábase a situación de seca na parte española da demarcación hidrográfica do Douro, na cal se atopan os concellos de Verín, Laza, Monterrei, Riós, Oímbra, Castrelo do Val, Vilardevós, A Mezquita e A Gudiña.

Pois ben, a comezos de novembro a Consellería de Medio Rural establecía as bases reguladoras de axudas (convocadas para 2017) e destinadas a garantir a subministración de auga para explotacións agrícolas e gandeiras, naquelas zonas afectadas por unha declaración de seca na zona xeográfica en que están asentadas, en concreto, respecto das zonas declaradas de alerta ou de prealerta por seca no ano 2017 nas demarcacións hidrográficas de Galicia Costa, Miño-Sil e do Douro no momento publicación da orde.

O curioso é que, estando en prealerta tamén a demarcación hidrográfica do Cantábrico (occidental neste caso), os concellos afectados non entran na orde de novembro, é dicir, non teñen dereito a recibir axudas. Descoñecemos si foi un erro ou que o Goberno se ten esquecido dos concellos de A Fonsagrada, Navia de Suarna, A Pontenova, Ribeira de Piquín, Meira, Baleira, Pedrafita do Cebreiro, Cervantes, Riotorto, As Nogais, Becerreá, Trabada e Negueira de Muñiz.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 16:31
Nº Rexistro: 20028
Data envio: 09/11/2017 16:31:37.378

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para os territorios afectados pola situación da seca que está a padecer Galicia?
2. Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia de que a demarcación hidrográfica do Cantábrico está en situación de prealerta?
3. Decatouse o Goberno de que os concellos afectados non entran na orde de novembro para conceder axudas destinadas a garantir a subministración de auga para explotacións agrícolas e gandeiras, naquelas zonas afectadas por unha declaración de seca na zona xeográfica en que están asentadas?
4. Foi un erro ou unha omisión voluntaria?
5. Vai incluír o Goberno aos concellos de A Fonsagrada, Navia de Suarna, A Pontenova, Ribeira de Piquín, Meira, Baleira, Pedrafita do Cebreiro, Cervantes, Riotorto, As Nogais, Becerreá, Trabada e Negueira de Muñiz como beneficiarios das axudas da Orde do 30 de outubro de 2017?

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
Luis Manuel Alvarez Martínez
Concepción Burgo López
José Manuel Pérez Seco
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 09/11/2017 16:28:26**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 16:31
Nº Rexistro: 20028
Data envio: 09/11/2017 16:31:37.378

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**José Antonio Quiroga Díaz na data 09/11/2017 16:28:31**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 09/11/2017 16:28:38**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 09/11/2017 16:28:44**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/11/2017 16:28:49**

**Raúl Fernández Fernández na data 09/11/2017 16:28:54**

**María Luisa Pierres López na data 09/11/2017 16:28:59**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 16:37
Nº Rexistro: 20033
Data envio: 09/11/2017 16:37:46.175

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

# Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Xoaquín Fernández Leiceaga e Julio Torrado Quintela,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi), situado no barrio compostelá de Salgueiriños, programouse no ano 2007 co obxectivo de ser un centro de vangarda, pioneiro no Estado para o tratamento integral da discapacidade. O complexo está preparado para facilitar a mobilidade e tratamento de persoas dependentes, e dotado de múltiples espazos e servizos, todos encamiñados á promoción da autonomía persoal de persoas con discapacidades físicas e a súa integración e desenvolvemento social. Principalmente, ofrecerá asistencia para persoas dependentes, aínda que, nos seus locais haberá locais administrativos, formativos, de rehabilitación, de investigación e de recursos de apoio. A previsión era daquelas que cando estivera a pleno rendemento podería atender a un total de 162 persoas con discapacidade ao día: setenta das súas prazas serían para formación; 60 destinaríanse para habilitación funcional, emocional e psicosocial; e as 32 restantes para residencia. Ademais, o proxecto contemplaba unha zona de cafetería e de comedor, que estaría aberta ao público da cidade. O centro segue pechado na actualidade malia que as obras, supuxeron un investimento de máis de 13 millóns de euros.

Na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, continuación e consecuencia do primeiro plan, non se fai mención á apertura do Cegadi como parte dos obxectivos para executar neste período.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista preguntábamos o 11 de outubro á directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, na Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego do Parlamento de Galicia, sobre a apertura do Cegadi. A responsable deste departamento aseguraba que "a conta atrás xa comezou", e que o centro "está a piques de abrir". Mais o 30 de outubro, na comparecencia dos orzamentos do ano 2018, o conselleiro de Política Social anunciaba un

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 16:37
Nº Rexistro: 20033
Data envio: 09/11/2017 16:37:46.175



investimento para este centro, sen concretar canto nin en que consistirían as actuacións que se ían a levar a cabo.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que motivo permanece pechado o Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi)?
2. A que se debe o retraso na súa posta en marcha?
3. Cal vai ser o orzamento que se vai dedicar ao Cegadi no ano 2018?
4. Segundo o anunciado polo conselleiro de Política Social, que actuacións se van a levar a cabo neste centro no vindeiro ano?
5. Cando ten previsto o Goberno galego poñer en marcha a pleno rendemento o Cegadi?
6. Que modelo de xestión implementará a Xunta de Galicia neste complexo?
7. Solicitou algunha entidade facerse cargo da xestión de espazos do centro?
8. Que número total de empregados e empregadas públicas formarán parte do cadro de persoal do Cegadi?

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Xoaquín Fernández Leiceaga
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 09/11/2017 16:36:19**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 16:37
Nº Rexistro: 20033
Data envio: 09/11/2017 16:37:46.175

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/11/2017 16:36:25**

**Julio Torrado Quintela na data 09/11/2017 16:36:30**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 20038
Data envio: 09/11/2017 16:44:44.581

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

# Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, José Manuel Pérez Seco e Noela Blanco Rodríguez,** deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A asistencia sanitaria no concello de Cedeira ten o seu eixo no centro de saúde existente na localidade. Esta infraestrutura merece certa intervención que contribuiría a mellorar as condicións para as persoas usuarias, no caso de poder ampliar certos espazos e facilitar melloras na accesibilidade. Esta localidade, ademais, sitúase xeograficamente con problemas de comunicación xa tradicionais e recoñecidos respecto da referencia hospitalaria de Ferrol, con viais e tempos que aínda precisan melloras posibles.

A contorna completa do edificio do centro de saúde inclúe, ademais de algunha outra, unha edificación propiedade da Xunta de Galicia con usos trasladables que ocupan pouco espazo. O Concello de Cedeira ten manifestado por diversas vías a súa disposición a poder comprar ese edificio á Xunta de Galicia, e poñer a disposición o terreo nas condicións que a Consellería de Sanidade solicita para facer investimentos (sen edificacións, libre de cargas e coas condicións necesarias para iniciar obras). Isto implicaría o gasto en compra, derrubo, adecuación e tramitación administrativa.

Un acordo nesta liña permitiría ao Concello de Cedeira e á Consellería de Sanidade afrontar as necesidades de ampliar o centro de saúde, e así ampliar os servicios do municipio que, ademais, podería servir para ampliar tamén servicios ao conxunto da comarca.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 20038
Data envio: 09/11/2017 16:44:44.581



Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora a Xunta de Galicia a posibilidade de chegar a un acordo co Concello de Cedeira que teña como obxectivo a ampliación do centro de saúde da localidade?

2. Considera a Xunta de Galicia necesario afrontar melloras para o Centro de Saúde de Cedeira que impliquen a súa ampliación?

3. Que valoración ten a Xunta de Galicia sobre a atención sanitaria e os servizos dispoñibles no concello de Cedeira na actualidade?

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
José Manuel Pérez Seco
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 09/11/2017 16:38:27**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 09/11/2017 16:38:33**

**Noela Blanco Rodríguez na data 09/11/2017 16:38:38**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 16:58
Nº Rexistro: 20044
Data envio: 09/11/2017 16:58:50.191

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

# Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López** e **Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A Convención Internacional sobre os dereitos con discapacidade, aprobada o 13 de decembro de 2006 pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas, supón a consagración do enfoque de dereitos das persoas con discapacidade, de modo que considera ás persoas con discapacidade como suxeitos titulares de dereitos e que os poderes públicos están obrigados a garantir que o exercicio deses dereitos sexa pleno e efectivo.

Este grupo parlamentario recibiu numerosas queixas de colectivos afectados e persoas a título individual de que a día de hoxe en Galicia seguen existindo importantes limitacións de accesibilidade para a persoas con discapacidade, ou con mobilidade reducida para acceder aos servizos de transporte ferroviario de viaxeiros en adecuadas condicións de calidade e seguridade.

En España dítase o *Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social*, que prevé no seu artigo 27 que:

"1. As condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos medios de transporte serán esixibles nos prazos e termos establecidos regulamentariamente.

Non obstante, as condicións previstas no parágrafo anterior serán esixibles para todas as infraestruturas e material de transporte, de acordo coas condicións e prazos máximos previstos na disposición adicional terceira, I.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 16:58
Nº Rexistro: 20044
Data envio: 09/11/2017 16:58:50.191



2. No prazo de dous anos dende a entrada en vigor desta lei, o Goberno deberá realizar os estudos integrais sobre a accesibilidade aos diferentes medios de transporte, no que se considere máis relevante dende o punto de vista da non discriminación e da accesibilidade."

Estando próximo o vencemento deste prazo máximo de esixibilidade das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos medios de transportes ferroviarios, non temos constancia de que en Galicia se realizaran estudos integrais de accesibilidade no transporte ferroviario, o que provoca que se cronifiquen as dificultades de mobilidade e seguridade, ademais de xerar incerteza nos colectivos de persoas con discapacidade.

Atendo é un servizo gratuíto de Atención e Asistencia a viaxeiros con discapacidade ou mobilidade reducida que Renfe Operadora pon a disposición dos clientes do ferrocarril. Trátase dun servizo especializado que orienta, informa, e facilita ao viaxeiro o acceso e tránsito polas estacións, así como a asistencia na subida e baixada dos trens. Na provincia de Ourense este servizo soamente está dispoñible na estación de Ourense e do Barco de Valdeorras.

As organizacións de persoas con discapacidade de Ourense uníronse o pasado 7 de novembro a unha convocatoria estatal para esixir o cumprimento de *Real decreto lexislativo 1/2013, de o 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social*, e reivindicar en concreto melloras na accesibilidade desta estación, así como a implantación do servizo Atendo.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia das condicións de accesibilidade para as persoas con discapacidade na estación de tren de O Carballiño?
2. Coñece o Goberno galego os problemas de accesibilidade para as persoas con discapacidade nesta estación de tren?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 16:58
Nº Rexistro: 20044
Data envio: 09/11/2017 16:58:50.191



3. En caso afirmativo, reclamou a Xunta de Galicia ao Goberno de España a toma de medidas para solventar estes problemas?
4. Considera o Goberno galego necesaria a implantación do servizo Atendo, prestado por Renfe Operadora, na estación de tren do Carballiño?
5. En caso afirmativo, vai solicitar a Xunta de Galicia a implantación deste servizo?
6. Que melloras lle constan á Xunta de Galicia que realizou o Goberno de España a respecto da accesibilidade no transporte ferroviario na provincia de Ourense, dende a entrada en vigor do *Real decreto lexislativo 1/2013, de o 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social*?

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 09/11/2017 16:47:18**

**Raúl Fernández Fernández na data 09/11/2017 16:47:24**

**María Luisa Pierres López na data 09/11/2017 16:47:29**

**Julio Torrado Quintela na data 09/11/2017 16:47:34**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 16:59
Nº Rexistro: 20047
Data envio: 09/11/2017 16:59:51.910

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

# Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López** e **Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A accesibilidade é a calidade de fácil acceso para que calquera persoa, mesmo aquelas que teñan limitacións na mobilidade, na comunicación ou o entendemento, poida chegar a un lugar, obxecto ou servizo.

A accesibilidade universal é aquela condición que deben cumprir as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade, comodidade e da forma máis autónoma e natural posible.
Actualmente, deixou de ser sinónimo de supresión de barreiras físicas para adoptar unha dimensión preventiva e ampla, xeneralizable a todo tipo de espazos, produtos e servizos. Por outra banda, trátase dunha variable fundamental para garantir o cumprimento do principio de igualdade de oportunidades, converténdose paulatinamente nun recoñecemento xeral, como mellora da calidade de vida de todos os cidadáns e cidadás.

A accesibilidade é un dereito da persoa e, como tal, debe ser tratado para conseguir a equiparación de oportunidades. Así mesmo, a persoa ten dereito á autonomía e a mobilidade persoal, como correspondencia ao logro dunha vida plenamente independente. Por último un aspecto fundamental é a normativa, que desde hai uns anos obriga a que todo ben, produto ou contorna sexa accesible para todas as persoas.

A Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social entrou en vigor en decembro do 2013 e, entre as súas disposicións, establece unhas condicións básicas de accesibilidade e non discriminación no ámbito das edificacións que inclúe a esixencia de que os inmobles garantan esas condicións.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 16:59
Nº Rexistro: 20047
Data envio: 09/11/2017 16:59:51.910



Asemade, en Galicia, a *Lei 10/2014, do 3 de decembro de accesibilidade*, recolle no seu articulado promover a eliminación xeneralizada das barreiras arquitectónicas, especialmente nos edificios e nas instalacións de carácter público, para facilitar o seu uso por parte das persoas que teñen diversidade funcional. De especial importancia é garantir en Galicia o cumprimento da normativa vixente en materia de accesibilidade, xa que segundo o Observatorio Estatal da Discapacidade, debido ao envellecemento da poboación, somos a comunidade con maior taxa de poboación con dificultades relacionadas coa mobilidade.

Se importante e obrigado é que se garanta o cumprimento desta normativa en todos os espazos, aínda máis se nos referimos a edificios públicos, que a poucas semanas de que remate o prazo dado pola propia Lei de accesibilidade para eliminar as barreiras arquitectónicas, seguen a amosar graves deficiencias en materia de accesibilidade.

Un destes espazos públicos é o centro de saúde Novoa Santos, situado en Ourense, onde a pesares de tentar facer algo accesible o que se conseguiu foi todo o contrario: ten unha rampla pero é moi estreita, non ten varanda, a inclinación non é axeitada e non dispón dos descansos suficientes para xirar, supoñendo todo isto un perigo para os usuarios e usuarias da mesma.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia das condicións de accesibilidade para as persoas con discapacidade no Centro de Saúde Novoa Santos de Ourense?
2. Coñece o Goberno galego os problemas de accesibilidade neste centro de saúde?
3. En caso afirmativo, que medidas ten previsto poñer en marcha o Goberno galego para solventar estes problemas?
4. Que actuacións vai a levar a cabo a Xunta de Galicia no ano 2018 para paliar os problemas de accesibilidade que seguen existindo na nosa comunidade autónoma?
5. Que dotación orzamentaria van ter ditas actuacións?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 16:59
Nº Rexistro: 20047
Data envio: 09/11/2017 16:59:51.910



6. Que actuacións levou a cabo a Xunta de Galicia na nosa comunidade autónoma, para paliar os problemas de accesibilidade, dende a entrada en vigor do *Real decreto lexislativo 1/2013, de o 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social* ?
7. Cal foi o orzamento total dedicado polo Goberno galego para paliar os problemas de accesibilidade, dende a entrada en vigor do *Real decreto lexislativo 1/2013, de o 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social?*

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 09/11/2017 16:54:23**

**Raúl Fernández Fernández na data 09/11/2017 16:54:29**

**María Luisa Pierres López na data 09/11/2017 16:54:34**

**Julio Torrado Quintela na data 09/11/2017 16:54:38**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 17:05
Nº Rexistro: 20051
Data envio: 09/11/2017 17:05:35.644

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Noa Presas Bergantiños** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O pasado mes de abril a Xunta de Galiza anunciou a creación dun comité de seguimento da execución dos investimentos dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2017. Este comité, presidido polo presidente da Xunta estaría formado polo vicepresinte, o conselleiro de Facenda e as conselleiras de Infraestruturas e Medio Ambiente.

Prevíase daquela que este comité de seguimento interno da Xunta se reuniría con periodicidade trimestal para facer unha recollida exhaustiva de datos e e seguimento dos mesmos poder facer unha avaliación do cumprimento dos investientos.

Polo anteriomente exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Cal é o balance do comité de seguimento dos investimentos do Estado en Galiza no ano 2017?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 17:05
Nº Rexistro: 20051
Data envio: 09/11/2017 17:05:35.644

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cantas xuntanzas mantivo este comité e que avaliación realizou?

-Que iniciativas aoptou o Goberno galego para o cumprimento dos compromisos orzamentarios?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/11/2017 17:01:33**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/11/2017 17:01:39**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/11/2017 17:01:43**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 17:05
Nº Rexistro: 20051
Data envio: 09/11/2017 17:05:35.644

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ana Pontón Mondelo na data 09/11/2017 17:01:45**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/11/2017 17:01:48**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/11/2017 17:01:50**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 17:16
Nº Rexistro: 20055
Data envio: 09/11/2017 17:16:45.816

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Noa Presas Bergantiños** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Nunha resposta parlamentaria ao BNG no pleno do día 8 de novembro de 2017, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda afirmou que lle enviara o 27 de outubro unha carta e un correo electrónico ao Ministerio de Fomento en relación co monumental atasco que se produciu na ponte de Rande nesa mesma data como consecuencia dunha grave falta de previsión da concesionaria.

Dada a trascendencia pública destes feitos e a preocupación social en elación co mal funcionamento do servizo da autoestrada AP 9, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que medidas prevé adoptar o goberno da Xunta para mellorar o servizo que presta a concesionaria da AP 9 e evitar os atascos que se repiten de maneira reiterada e inxustificada nesta infraestrutura?

-Cal foi a resposta do Ministerio  aos escritos enviados pola conselleira?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 17:16
Nº Rexistro: 20055
Data envio: 09/11/2017 17:16:45.816

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Prevé o goberno do Estado adoptar algunha medida ao respecto?

-Ten coñecemento a Xunta de Galiza da incoación dalgún expediente informativo ou sancionador por parte do Ministerio?

-Reuniuse a comisión bilateral da AP 9 para tratar esta cuestión?

-Dirixiuse a Xunta de Galiza á concesionaria para pedir explciacións por estes feitos?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/11/2017 17:14:53**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 17:16
Nº Rexistro: 20055
Data envio: 09/11/2017 17:16:45.816

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 09/11/2017 17:14:59**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/11/2017 17:15:01**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/11/2017 17:15:02**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/11/2017 17:15:03**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/11/2017 17:15:05**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 17:57
Nº Rexistro: 20066
Data envio: 09/11/2017 17:57:59.363

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Luis Álvarez Martínez e Abel Losada Álvarez,** deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

As axudas a etapa predoutoral son fundamentais dentro de calquera estratexia de impulso a investigación, xa que con elas comenza a formación do persoal básico para desenvolver a política de I+D que necesita o noso país

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca estas axudas destinadas a investigadores do SUG, pero as bases teñen problemas e déficits que está denunciando a Asemblea de Investigadoras de Compostela e que, dende o noso punto de vista, son graves e teñen que ser inmediatamente arranxados

En primeiro lugar poñen o acento nos atrasos sistemáticos na convocatoria de axudas predoutorais dende o ano 2012, primeira do Plan I2C 2011-2015, ata 2017 (11 meses de diferencia), de tal maneira que en seis anos se publicaron tan só cinco convocatorias destas axudas poque no ano 2015 non á houbo, restando polo tanto o número de contratados e aforrando unha parte dos fondos a investir, que imaxinamos era o que se quería. Esta actitude é un claro engano por parte da Consellería. É necesario acordar un prazo fixo para convocar estas axudas, dando seguridade aos solicitantes e á totalidade do proceso.

Outra grave consecuencia de dinámica administrativa que leva adiante a Consellería de Educación na convocatoria de estas axudas e da falta de previsión nelas, é o sucedido ca resolución deste ano 2017 publicada o 9 de agosto, oito días mais tarde da data fixada pola convocatoria para a

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

firma dos contratos, de feito estes contratos firmáronse sen ter unha resolución formal e firme o que é unha irregularidade.

Consecuencia dos atrasos das convocatorias é tamén que as persoas matriculadas en programas de doutoramento do SUG no curso 2016/2017, tal como ordenan as bases, tivesen que agardar todo un ano académico sen garantías de financiación para a realización da súa tese o que leva a incerteza e precariedade.

Tamén manifestan problemas nas listas de espera, dado que todos os anos, como é lóxico, hai renuncias, sobre todo pola concesión de axudas de FPU (polo que habería que buscar a maior coordinación con elas), e os prazos para poder cubrir as vacantes por renuncia son moi cortos e pouco adecuados. De feito, nas convocatorias de 2013 e 2014 estas carencias tiveron como consecuencia que mais de corenta contratos quedaron sen firmar e polo tanto moitos solicitantes en axudas para realizar a súa tese doutoral.

Da mesma maneira, nas convocatorias de estas axudas hai cuestións que discriminan a unha parte dos solicitantes como a esixencia de adecuarse o tema da tese as liñas estratéxicas marcadas pola Consellería e a pertenza a centros de investigación de referencia, o que discrimina a estudantes de doutoramento que investigan en asuntos distintos ou unidos a outros grupos ou centros de investigación. Discriminación que é moito mais evidente aínda para os investigadores en Arte e Humanidades e Ciencias Sociais.

Como tamén é discriminatorio a existencia de dúas modalidades A e B, e que por riba as persoas que queiran acadar unha axuda teñan que elixir ao presentar a solicitude entre o modalidade A ou B cando poden ter os méritos necesarios para presentarse a calquera delas. Da mesma maneira as condicións solicitadas para as estadías son claramente restritivas e por iso inadmisibles.

Existe tamén nestas convocatorias alumnado claramente discriminado dado que aqueles que rematase os seus estudos con anterioridade a 2013 non pode solicitar unha axuda, así como é discriminatorio que aos licenciados e licenciadas con 300 créditos se lles calcule para o acceso as axudas, a nota media tan só da licenciatura sen poder incluír as notas do mestrado en moitos casos necesario para matricularse nun programa de doutoramento, mestras o estudantado que cursou un grao sí accede cunha nota media que inclúe á do máster realizado

Demoras, erros administrativos, discriminacións para os solicitantes, peticións inexplicables... fan necesario cambiar as bases das convocatorias de axudas a etapa predoutoral, de maneira que sexan mais xustas, mais efectivas e cumpran a labor de impulso a investigación nas universidades.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Cal é a causa de que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria varíe de forma continúa as datas da convocatoria anuais das axudas de apoio a etapa predoutoral nas universidades do SUG e organismos públicos de investigación?

2.ª) Como pode explicar a Consellería de Educación que só houbera cinco convocatorias en seis anos, entre 2012 e 2017, non convocándose axudas en 2015?

3.ª) Por que se producen continuos atrasos nas datas marcadas na convocatoria, como sucedeu na de 2017 que tiveron como consecuencia que se firmaran os contratos sen ter resolución firme?

4.ª) Cal é a causa de que a organización e solicitudes das estadías sexan tan restritivas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 17:57
Nº Rexistro: 20066
Data envio: 09/11/2017 17:57:59.363



5.ª) Por que non existen na organización das listas de espera unha adecuación a realidade, para evitar que cando se producen renuncias eses contratos se perdan?

6.ª) Cal é a causa que xustifica que existan dúas modalidades de axudas e que os doutorandos non podan solicitar as dúas para así ter mais posibilidades de acadar unha axuda?

7.ª) Cales son os motivos que poden xustificar que o alumnado que rematou os seus estudos antes de 2013 non podan non podan solicitar as axudas a etapa predoutoral?

8.ª) Por que non pode terse en conta para a nota media do expedientes dos licenciados as calificacións dos mestrados cursados como si sucede cos graduados e graduadas?

9.ª) Non considera, fronte a todas estas evidencias e problemas, a Conselleira de Educación que é necesario facer modificacións nas bases das convocatorias de axudas a etapa predoutoral

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2018

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Abel Losada Álvarez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 09/11/2017 17:51:55**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 09/11/2017 17:52:05**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/11/2017 17:52:12**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA


## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727